




CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1.- Comunidade Autónoma

4.2.- Cobertura social e prestacións económicas

4.3.- Prestacións sanitarias e sociais

4.4.- Educación

4.5.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

4.6.- Outros indicadores

O cuarto capítulo desta Memoria céntrase nos aspectos das prestacións públicas sociais, das aportacións do estado do benestar e dos indicadores de calidade de vida. Para cumprir coas súas obrigas, a Comunidade Autónoma de Galicia contou en 2008 cun orzamento consolidado de 11.556,1 millóns de euros, un 7,1% máis que os aprobados para o exercicio anterior. Esa cantidade representa o 19,6% do PIB galego. Desde o punto de vista da súa distribución funcional, a parte máis importante do orzamento consolidado correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, especialmente educación e sanidade, que significa o 55,9% do total.

Preto de 37.000 persoas engádironse ao total de beneficiarios de prestacións económicas en Galicia en 2008. En total, contabilizáronse 883.900 beneficiarios. Este incremento explícase fundamentalmente polo aumento de perceptores de prestacións por desemprego. Salienta, como en anos anteriores, que o importe medio das pensións contributivas en Galicia segue a ser o máis baixo das comunidades autónomas, cun diferencial negativo de máis de 120 euros respecto á media estatal.

No ámbito sanitario, en 2008 entrou en vigor a Lei 8/2008, do 10 de xuño, de Saúde de Galicia, que establece a ordenación do Sistema Público de Saúde da Comunidade –comprende os sectores público e privado– e a súa regulación. A norma recolle tamén os dereitos e deberes dos galegos neste eido. Asimesmo, comezou a implantarse no sistema a receita electrónica, que deberá contribuir á contención do gasto farmacéutico, gasto que se incrementou nun 8,4%.

O sistema de protección social reforzouse, desde o punto de vista normativo, coa aprobación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, que regula estes como servizo público para a construción do sistema galego de benestar. Neste marco englobábase tamén a atención ás situacións de dependencia.

A educación e a formación do capital humano son, en liña cos obxectivos comunitarios marcados na Axenda de Lisboa, importantes prioridades nos orzamentos da Xunta de Galicia. No exercicio 2008, a cantidade presupostada para esta área acadou os 2.287,4 millóns de euros, preto dun 20% do orzamento da Comunidade. No último curso, Galicia rexistra un lixeiro descenso do número de alumnos no conxunto do sistema, pero tamén unha medra nos niveis máis baixos. De feito, continúa a medra do alumnado nos centros de educación infantil e primaria (en total, máis de 190.000 nenos e nenas estudan nestes niveis), no bacharelato para adultos, nos ciclos formativos ordinarios e nos programas de garantía recíproca. Nas outras etapas, en cambio, experimentase un

descenso do alumnado: nos centros da ESO foron 3.113 matriculados menos e no bacharelato ordinario, 504 alumnos menos. No ámbito universitario, continúa a tendencia á baixa no número de matriculacións nas tres universidades galegas.

Os últimos apartados deste capítulo están adicados ao medio ambiente e o desenvolvemento sostible -inclúe aspectos que van do cambio climático ou os incendios forestais ata a agricultura ecolóxica ou os efectos da contaminación ambiental sobre a saúde- e a outros indicadores de benestar, en concreto o consumo, a vivenda e o ocio. ■

4.1.- Comunidade Autónoma

O orzamento consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008 ascendeu a 11.556,1 millóns de euros, un 7,1% (797,4 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 19,6 % do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) e supón 4.150,64 euros/habitante.

A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos, queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2008 sitúase en 10.224,9 millóns de euros, cunha variación respecto ao exercicio precedente do 9,4%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 8.192,5 millóns de euros, o que supón unha variación do 8,9% respecto ao ano anterior. O aforro estimado por operacións correntes, acadado ao situar o crecemento do gasto corrente por debaixo do crecemento dos ingresos correntes, situouse nos 2.032,4 millóns de euros.

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 2.768,3 millóns de euros, un 3% superior ao ano anterior, equivalente ao 4,7% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que, ao igual que aconteceu en 2007, no ano 2008 os ingresos por operacións de capital descendieron un 3,1% respecto aos presupostos do ano anterior ata acadar os 857 millóns de euros, o déficit por operacións de capital ascendeu a 108,6 millóns de euros,

o que representa un 6% de incremento sobre o exercicio anterior.

No que atinxe ás operacións financeiras, o gasto en atencións financeiras acadou os 595,3 millóns de euros e os recursos financeiros os 474,2 millóns de euros. Se os presupostos do ano 2007 estimaban que a situación inicial de capacidade de financiamento se situaría en 23,6 millóns de euros, os de 2008 presentan unha capacidade de financiamento de 121,1 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 473,6 millóns de euros (551,1 millóns de euros no ano anterior) aplicándose o 100% á amortización da débeda (o 82,9% en 2007).

O gasto dos capítulos VI e VII equivale ao 25,3% do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma, o que, en ausencia de endebedamento, é financiado exclusivamente con ingresos de capital (857 millóns de euros) e unha parte do aforro corrente (1.911,3 millóns de euros).

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: "(aforro por operacións correntes-endebedamento neto)/gastos por operacións de capital", foi en 2008 do 73,4%, máis de oito puntos por riba do estimado no exercicio anterior.

O orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2008, unha vez deducidas as transferencias internas (3.582,1 millóns de euros) ascendeu a 11.556,1 millóns de euros, cun incremento dun 7,1% (770,4 millóns de

Ámbito dos Orzamentos Xerais da C.A. de Galicia 2008

Administración Xeral		Administración Institucional		
Seccións	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas	
	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos	Sociedades mercantis
Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega				
Presidencia da Xunta			CRTVG	TVG,S.A. RTVG, S.A. RETEGAL S.A.
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	SGPIHM			
Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza	EGAP AGASP			
Economía e Facenda	IGE Tribunal Defensa da Competencia	CES IGAPE CIXTEC		CEEI Galicia, S.A SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A Autoestrada A de S. Dom-Ourense S.A.
Política Territorial, O.P. e Transporte			Portos de Galicia	
Educación e Ordenación Universitaria				
Innovación e Industria	IGC		Instituto Enerxético de Galicia	S.A. Centro Supercomputación de Galicia Calidade S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A
Medio Rural		FOGGA	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Instituto Galego de Calidade Alimentaria	S.A. Desenvolvemento Comarcal Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos S.A. Xenética Fontao, S.A. S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia
Cultura e Deporte		IGAEM	F. Cidade da Cultura de Galicia	
Sanidade	SERGAS		F.P.H. Verín F.I.G. Oftalmoloxía F.P.H.V.Xunqueira F.P.H.C.Barbanza F.P.E.G. Admón. Sanit. F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P.H.C. do Salnés F.P.C. Transfusión F.P. De Medicina Xenómica	Medtec S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos			Inst.Tec.Control Medio Mariño	
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Augas de Galicia		Empresa Pública Obras e Servizos	Hidráulicos Sogama, S.A.
Traballo				
Vivenda e Solo		IGVS		Xestur Coruña S.A. Xestur Lugo S.A. Xestur Ourense S.A. Xestur Pontevedra S.A.
Consello Consultivo de Galicia Transferencias a CC.LL. Débeda Pública Gastos diversas Consellerías				

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

Conta financeira da C.A. 2007-08

	2007	2008	08/07	
	(en miles de €)		(%)	
1 Operacións correntes				
Ingresos	9.349.300	10.224.898	875.598	9,4
Impostos directos	1.167.819	1.364.291	196.472	16,8
Impostos indirectos	2.636.049	2.688.936	52.887	2,0
Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	264.961	253.402	-11.559	-4,4
Transferencias correntes	5.265.545	5.894.571	629.026	11,9
Ingresos patrimoniais	14.926	23.698	8.772	58,8
Gastos	7.522.966	8.192.500	669.534	8,9
Gastos de persoal	3.174.746	3.443.977	269.231	8,5
Gastos en bens correntes e servizos	1.242.132	1.348.001	105.869	8,5
Gastos financeiros	146.961	146.482	-479	-0,3
Transferencias correntes	2.897.420	3.188.924	291.504	10,1
Fondo de continxencia	61.706	65.116	3.410	5,5
Aforro por operacións correntes	1.826.334	2.032.398	206.064	11,3
2 Operacións de capital				
Ingresos	884.724	856.987	-27.737	-3,1
Alleamento de investimentos reais	90.730	98.908	8.178	9,0
Transferencias de capital	793.994	758.079	-35.915	-4,5
Gastos	2.687.498	2.768.321	80.823	3,0
Investimentos reais	1.332.889	1.382.218	49.329	3,7
Transferencias de capital	1.354.608	1.386.102	31.494	2,3
Déficit por operacións de capital	1.802.773	1.911.334	108.561	6,0
Necesidade (-) ou capacidade (+) de financiamento	23.561	121.065	97.504	413,8
3 Operacións financeiras				
Recursos financeiros	551.719	474.239	-77.480	-14,0
Activos financeiros	675	675	0	0,0
Pasivos financeiros	551.044	473.564	-77.480	-14,1
Atencións financeiras	575.279	595.303	20.024	3,5
Activos financeiros	118.177	121.740	3.563	3,0
Pasivos financeiros	457.103	473.564	16.461	3,6
Financiamento	23.561	121.065	97.504	413,8
4 Endebedamento neto				
Endebedamento bruto	551.044	473.564	-77.480	-14
Amortizacións	457.103	473.564	16.461	4
Endebedamento neto	93.941	0	-93.941	-100

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.1.2.

euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

Os recursos propios representan o 42,4% dos ingresos, acadando os 4.903,5 millóns de euros, un 3,8% máis que no ano anterior. Entre estes, os ingresos tri-

butarios ascenderon a 4.306,6 millóns de euros, o que representa o 37,3% dos ingresos totais. No que os recursos transferidos (o 57,6% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha medra do 12%, acadaron os 6.178,9 millóns de euros (o 53,5% dos ingresos), mentres que os recursos procedentes

Orzamento consolidado da C.A. 2007-08: ingresos e gastos

Ingresos					
	2007		2008		08/07
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Recursos propios	4.726.203	43,8	4.903.474	42,4	3,8
Ingresos tributarios	4.068.829	37,7	4.306.629	37,3	5,8
Ingresos patrimoniais	105.656	1,0	122.606	1,1	16,0
Ingresos financeiros	551.719	5,1	474.239	4,1	-14,0
Recursos transferidos	6.059.540	56,2	6.652.650	57,6	9,8
Do Estado	5.517.640	51,2	6.178.945	53,5	12,0
Da Unión Europea	538.275	5,0	472.080	4,1	-12,3
Outros	3.625	0,0	1.625	0,0	-55,2
Total	10.785.743	100	11.556.124	100	7,1
Gastos					
	2007		2008		08/07
	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)	(%)
Xestión directa	6.533.714	60,6	6.981.097	60,4	6,8
Gastos de persoal	3.174.746	29,4	3.443.977	29,8	8,5
Gastos de funcionamento	1.303.838	12,1	1.348.001	11,7	3,4
Gastos financeiros	722.241	6,7	146.482	1,3	-79,7
Gastos en activos e pasivos financeiros	-	-	595.303	5,2	-
Investimentos	1.332.889	12,4	1.382.218	12,0	3,7
Fondo de continxencia	-	-	65.116	0,6	-
Transferencias ao sector público	2.192.022	20,3	2.405.058	20,8	9,7
A Corporacións Locais	1.168.297	10,8	1.246.014	10,8	6,7
Outros	43.993	0,4	42.010	0,4	-4,5
A Sociedades Públicas da C.A.	979.732	9,1	1.117.034	9,7	14,0
Transferencias ao sector privado	2.060.007	19,1	2.169.968	18,8	5,3
Familias e ent. sen ánimo de lucro	1.434.537	13,3	1.547.570	13,4	7,9
Empresas	625.470	5,8	622.398	5,4	-0,5
Total	10.785.743	100	11.556.123	100	7,1

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.1.3.

da UE, tras unha caída do 12,3%, acadaron unha contía de 472 millóns de euros (o 4,1% dos ingresos).

A distribución económica dos presupostos amosan que os ingresos por operacións correntes experimentaron un incremento de 875,6 millóns de euros, un 9,4% superior ao exercicio anterior, para situarse nos 10.224,9 millóns de euros. As transferencias corren-

tes, que representan o 51% dos ingresos totais no ano 2008, crecen un 11,9% e ofrecen desagregadamente unha evolución dispar, de xeito que o Fondo de Suficiencia, crece un 6,5%, mentres que as Subvencións Finalistas procedentes dos orzamentos xerais do Estado presentan unha variación do 38,6% sobre o ano anterior. Máis importante é o crecemento dos ingresos previstos en concepto de liquidación dos

Orzamento consolidado da C.A. 2007-08: distribución económica

Ingresos

	2007	2008	2007	2008	08/07	
	importe		valor relativo		importe	
	(en miles de €)		(%)		(en miles de €)	(%)
I Impostos directos	1.167.819	1.364.291	10,8	11,8	196.472	16,8
II Imposto indirectos	2.636.049	2.688.936	24,4	23,3	52.887	2,0
III Taxas, prezos e outros ingresos	264.961	253.402	2,5	2,2	-11.559	-4,4
IV Transferencias correntes	5.265.545	5.894.571	48,8	51,0	629.026	11,9
V Ingresos patrimoniais	14.926	23.698	0,1	0,2	8.772	58,8
Total operación correntes	9.349.300	10.224.898	86,7	88,5	875.598	9,4
VI Alleamento de investimentos reais	90.730	98.908	0,8	0,9	8.178	9,0
VII Transferencias de capital	793.994	758.079	7,4	6,6	-35.915	-4,5
Total operacións non financeiras de capital	884.724	856.987	8,2	7,4	-27.737	-3,1
Total Ingresos non financeiros	10.234.024	11.081.885	94,9	95,9	847.861	8,3
VIII Activos financeiros	675	675	0,0	0,0	0	0,0
IX Pasivos financeiros	551.044	473.564	5,1	4,1	-77.480	-14,1
Total Ingresos Financeiros	551.719	474.239	5,1	4,1	-77.480	-14,0
Total Operacións de Capital	1.436.443	1.331.226	13,3	11,5	-105.217	-7,3
Total	10.785.743	11.556.124	100	100	770.381	7,1

Gastos

	2007	2008	2007	2008	08/07	
	importe		valor relativo		importe	
	(en miles de €)		(%)		(en miles de €)	(%)
I Gastos de persoal	3.174.746	3.443.977	29,4	29,8	269.231	8,5
II Gastos en bens correntes e servizos	1.242.132	1.348.001	11,5	11,7	105.869	8,5
III Gastos financeiros	146.961	146.482	1,4	1,3	-479	-0,3
IV Transferencias correntes	2.897.420	3.188.924	26,9	27,6	291.504	10,1
Total operación correntes	7.522.965	8.127.384	69,7	70,3	604.419	8,0
V Fondo de continxencia	61.706	65.116	0,6	0,6	3.410	5,5
VI Investimentos reais	1.332.889	1.382.218	12,4	12,0	49.329	3,7
VII Transferencias de capital	1.354.608	1.386.102	12,6	12,0	31.494	2,3
Total operacións non financeiras de capital	2.687.497	2.768.320	24,9	24,0	80.823	3,0
Total Gastos non Financeiros	10.210.462	10.960.820	94,7	94,8	750.358	7,3
VIII Activos financeiros	118.177	121.740	1,1	1,1	3.563	3,0
IX Pasivos financeiros	457.103	473.564	4,2	4,1	16.461	3,6
Total operacións financeiras de capital	575.280	595.304	5,3	5,2	20.024	3,5
Total Gastos Financeiros	575.280	595.304	5,3	5,2	20.024	3,5
Total Operacións de Capital	3.262.777	3.363.624	30,3	29,1	100.847	3,1
Total	10.785.742	11.556.124	100	100	770.382	7,1

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

Orzamento consolidado de gastos da C.A. 2008: distribución funcional

Funcións	2008	
	Valor relativo	
	(en miles de €)	(% / total)
1 Actuacións de carácter xeral	261.929	2,3
11 Alta dirección da Com. Autónoma	45.788	0,4
12 Administración Xeral	79.505	0,7
13 Xustiza	99.167	0,9
14 Administración local	13.858	0,1
15 Normalización lingüística	23.611	0,2
16 Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	-	-
2 Protección civil e seguridade cidadá	27.934	0,2
23 Protección civil e seguridade	27.934	0,2
3 Protección e promoción social	904.336	7,8
31 Acción social el promoción social	514.457	4,5
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	378.673	3,3
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	11.206	0,1
4 Produción de bens públicos de carácter social	6.463.467	55,9
41 Sanidade	3.638.876	31,5
42 Educación	2.304.468	19,9
43 Cultura	147.275	1,3
44 Deportes	41.944	0,4
45 Vivenda	195.118	1,7
46 Outros servizos comunit. e sociais	135.786	1,2
5 Produción de bens públ. de carácter económico	1.236.511	10,7
51 Infraestruturas	535.683	4,6
52 Ordenación do territorio	52.661	0,5
53 Promoción do solo para actividades económicas	17.850	0,2
54 Actuacións ambientais	274.768	2,4
55 Actuacións e valorización do medio rural	186.705	1,6
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	131.327	1,1
57 Sociedade da información e do coñecemento	31.252	0,3
58 Información estatística básica	6.265	0,1
6 Regulación económica de carácter xeral	130.547	1,1
61 Actuacións económicas xerais	37.790	0,3
62 Actividades financeiras	92.757	0,8
7 Regulación económica de sectores productivos e desenvolvemento empresarial	955.999	8,3
71 Dinamización económica do medio rural	406.665	3,5
72 Pesca	187.885	1,6
73 Industria, enerxía e minaría	59.660	0,5
74 Desenvolvemento empresarial	191.189	1,7
75 Comercio	33.774	0,3
76 Turismo	76.826	0,7
8 Transferencias a entidades locais	956.089	8,3
81 Transferencias a entidades locais	956.089	8,3
9 Débeda pública	619.309	5,4
91 Débeda pública	619.309	5,4
Total	11.556.124	100

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.1.5.

recursos do sistema de financiamento correspondentes ao ano 2006, que se incrementa nun 75,7% sobre a previsión de liquidación do ano 2005.

Os ingresos totais das operacións de capital (1.331,2 millóns de euros) reducíronse respecto ao presuposto no ano precedente un total de 105,2 millóns de euros, un 7,3% menos que no ano anterior. Por outra banda, os ingresos de capital non financeiro experimentaron un descenso do 3,1%, por mor do descenso dos Fondos Europeos, parcialmente compensado con un discreto incremento do Fondo de Compensación Interterritorial (3,8%) e das subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado (14,7%).

Polo lado dos gastos, un 60,4% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal, que ascenderon a 3.444 millóns de euros, representan o 29,8% dos gastos totais, e os investimentos, cun importe de 1.382,2 millóns de euros, o 12% dos gastos. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do 5,3%, acadan un total de 2.170 millóns de euros (o 18,8% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 9,7%, situáronse nos 2.405,1 millóns de euros (o 20,8% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 8.127,4 millóns de euros, un 8% (604,4 millóns de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2007. As transferencias correntes experimentan un crecemento do 10,1% (291,5 millóns de euros) e acadan os 3.189 millóns de euros.

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 2.768,3 millóns de euros, estes aumentan respecto aos presupostos anteriores un 3% (80,8 millóns de euros). Os investimentos reais o fixeron un 3,7% (49,3 millóns de euros), acadando os 1.382,2 millóns de euros, e as transferencias de capital nun 2,3% (31,5 millóns de euros), ascendendo aos 1.386,1 millóns de euros.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, **cadro 4.1.5.**, a parte máis importante do orzamento consolidado corresponde á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 55,9% do presuposto consolidado. Dentro desta función salientan a sanidade e a educación, que supoñen o 31,5% (3.638,9 millóns de euros) e 19,9% (2.304,5 millóns de euros) do presuposto, respectivamente.

Análise das actuacións previstas

O 51,5% do orzamento consolidado (5.957,2 millóns de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (1.382,2 millóns de euros), as transferencias de capital (1.386,1 millóns de euros) e as transferencias correntes (3.188,9 millóns de euros).

O Capítulo VI: investimentos reais, constitúe unha parte do esforzo inversor da Comunidade autónoma, que se completa cos investimentos financiados a través das transferencias de capital, dentro dos citados investimentos reais cómpre salientar, que o 63,9% dos créditos deste capítulo están destinados a investimento novo, especialmente á realización de infraes-

Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2008: distribución orgánica

	Transferencias correntes	Investimentos reais	Transferencias de capital
	Cap. IV	Cap. VI	Cap. VII
	(en miles de €)		
Administración Xeral	5.526.059,0	1.103.849,6	1.399.208,9
Parlamento	2.495,7	1.683,1	34,6
Consello de Contas	2,7	860,6	
Consello da Cultura Galega	160,0	410,0	
Presidencia da Xunta	22.575,2	32.789,2	21.635,2
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	189.745,4	34.035,2	21.135,5
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	27.761,0	38.157,9	16.802,0
Economía e Facenda	23.688,7	5.656,0	113.510,8
Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	38.625,1	398.944,2	97.400,0
Educación e Ordenación Universitaria	597.987,4	100.458,4	58.452,5
Innovación e Industria	68.298,3	35.054,7	238.281,3
Medio Rural	20.967,9	199.126,9	275.091,2
Cultura e Deporte	24.271,5	48.514,4	77.054,9
Sanidade	3.345.909,3	39.100,0	5.601,1
Pesca e Asuntos Marítimos	4.249,3	73.271,9	123.188,4
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	7.364,6	45.391,9	132.869,7
Traballo	293.407,1	16.728,2	1.440,1
Vivenda e Solo	16.960,0	7.243,8	86.617,5
Consello Consultivo de Galicia		346,5	
Transferencias a CC.LL.	830.379,9		119.499,1
Gastos Diversas Consellerías	11.210,0	26.076,5	10.595,1
Organismos Autónomos	1.035.437,7	278.368,8	196.385,8
Serv. Galego Prom. da Igualdade do Home e da Muller	8.552,6		225,3
Escola Galega de Admón Pública	338,6	1.165,0	
Academia Galega de Seguridade Pública		934,4	
Instituto Galego de Estatística	94,9	1.803,9	
Tribunal Galego de Def. da Competencia	30,0	91,8	
Instituto Galego de Consumo	490,0	1.957,5	403,8
Servicio Galego de Saúde	1.024.428,2	150.100,9	1.600,0
Augas de Galicia		23.932,9	129.770,2
Fondo Galego de Garantía Agraria	199,9	3.171,6	55.694,2
Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais	913,3	3.245,3	1.360,0
Instituto Galego da Vivenda e Solo	390,0	91.965,6	7.332,4
Total orzamento bruto	6.561.496,7	1.382.218,5	1.595.594,7
Total transferencias internas	3.372.572,7		209.494,7
Total (en millóns de €)	3.188,9	1.382,2	1.386,1

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.1.6.

Transferencias de capital e transferencias correntes da C.A. 2008: distribución segundo clave de financiamento

	Transferencias de Capital		Transferencias Correntes	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Administración Xeral	1.399.208,9	100	5.495.358,2	100
Fondos Propios	916.416,5	65,5	4.436.871,9	80,7
libres	867.937,9	62,0	4.416.464,4	80,4
que cofinancian	45.556,9	3,3	9.119,2	0,2
que cofinancian non elexible	2.921,7	0,2	11.288,3	0,3
F.C.I.	77.801,5	5,6	-	-
FCI libre	34.639,2	2,5	-	-
FCI que cofinancia	43.162,3	3,1	-	-
FEDER	104.456,9	7,5	-	-
2007-13	104.456,9	7,5	-	-
FEADER	92.045,4	6,6	-	-
FEADER	92.045,4	6,6	-	-
FEAGA	55.622,5	4,0	-	-
FEAGA	55.622,5	4,0	-	-
Transferencias finalistas	87.673,3	6,3	1.041.421,1	19,0
do Estado	23.129,4	1,7	1.041.421,1	19,0
PXE que cofinancia	61.254,2	4,4	-	-
PXE que cofinancia non elexible	3.289,7	0,2	-	-
FEP	65.192,8	4,7	-	-
FEP	65.192,8	4,7	-	-
FSE	-	-	36.477,0	0,7
2007-13	-	-	36.477,0	0,7
Organismos Autónomos	257.577,4	100	1.035.488,0	100
Fondos Propios	148.718,0	57,7	1.029.203,5	99,4
libres	116.625,0	45,3	1.027.912,5	99,3
FCA cofinancia elexible	45,1	0,0	1.290,9	0,1
FCA condicionado	32.048,0	12,4	-	-
FEAGA	55.413,8	21,5	-	-
FEAGA	55.413,8	21,5	-	-
FEDER	26.772,0	10,4	-	-
2007-13	26.772,0	10,4	-	-
Transferencias finalistas	2.402,0	0,9	1.040,5	0,1
doutras Administracións	1.202,0	0,5	-	-
outras transferencias finalistas	600,0	0,2	-	-
da Administración do Estado	600,0	0,2	1.040,5	0,1
FSE	-	-	5.163,7	0,5
2007-13	-	-	5.163,7	0,5
F.C.I.	24.271,6	9,4	-	-
libres	12.875,2	5,0	-	-
que cofinancian	11.396,5	4,4	-	-

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

Indicadores da actividade económica-financeira da C.A. 2007-08

	Orzamentos iniciais			Executado (1)		
	2007 (en miles de euros)	2008 (en miles de euros)	08-07 (%)	2007 (en miles de euros)	2008 (en miles de euros)	08-07 (%)
Ingresos correntes	9.116.872	9.983.016	9,50	9.886.988	9.517.764	3,88
Gastos correntes	7.465.623	8.133.754	8,95	8.457.878	7.823.057	8,11
Aforro orzamentario	1.651.249	1.849.262	11,99	1.560.785	1.694.707	-7,90
Ingresos de capital	799.889	767.877	-4,00	893.078	843.308	5,90
Gastos de capital	2.434.565	2.503.059	2,81	2.543.806	2.322.465	9,53
Saldo operacións de capital	-1.634.676	-1.735.182	6,15	-1.650.729	-1.479.157	11,60
Ingresos non financeiros	9.916.761	10.750.893	8,41	10.780.065	10.361.072	4,04
Gastos non financeiros	9.900.188	10.636.813	7,44	11.001.684	10.145.522	8,44
Resultado non financeiro	16.573	114.080	588,35	-221.619	215.550	-202,82
Ingresos non financeiros / Gastos non financeiros	(%) 100,17	101,07	0,90	97,99	102,12	4,22

(1) para o cálculo dos indicadores utilizouse como medida os dereitos recoñecidos netos minorados polas baixas por insolvencias do orzamento de ingresos e as obrigas recoñecidas do orzamento de gastos, relativas a operacións non financeiras.

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Consellería de Economía e Facenda

4.1.8.

truturas; a investimento de reposición dedícase un 11,6% dos créditos totais , e un 1,2% ás infraestruturas básicas de apoio aos sistemas produtivos.Finalmente, o 23,3% restante corresponde a investimentos de caracter inmaterial, entre os que figuran actuacións como a realización de campañas sanitarias de vacinación e loita contra as drogodependencias, programas de formación de profesorado, convenios de fomento e normalización da lingua galega ou a promoción de produtos galegos.

No que atinxe ás **transferencias de capital**, as actuacións previstas máis relevantes en canto á súa contía son os programas vinculados á dinamización do medio rural, entre os que se inclúen actuacións previstas no Plan de Reequilibrio Territorial (241,2 millóns de euros); a desenvolvemento empresarial (174,1 millóns de euros); a actuacións de caracter medioambiental (132,9 millóns de euros); a pesca (123,2 millóns de euros), a cultura (72,9 millóns de

euros), a vivenda (81,4 millóns de euros) e a investigación e innovación (77,8 millóns).En conxunto, estas funcións representan máis do 60% das transferencias de capital.

No caso das **transferencias correntes** hai que destacar as correspondentes a sanidade (3.345,9 millóns de euros); as transferencias a entidades locais (836,6 millóns de euros); a Educación (598,6 millóns de euros) e as destinadas a promoción do emprego e institucións do mercado de traballo (293,4 millóns de euros) Estas catro actuacións significan o 91,8% das transferencias correntes.

Principais indicadores da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia

O **cadro 4.1.8.** presenta como indicadores básicos orzamentarios o aforro ou desaforro orzamentario, o saldo das operacións de capital e o resultado non

financeiro do ano 2008 en relación ao ano 2007, tomando como base para o cálculo destes indicadores os dereitos recoñecidos netos minorados polas baixas por insolvencias do orzamento de ingresos e as obrigas recoñecidas do orzamento de gastos, relativas a operacións non financeiras, xa que no momento de elaboración da presente Memoria non existían datos oficiais de execución orzamentaria do ano 2008.

Tendo en conta o anteriormente sinalado, o aforro orzamentario da administración xeral, isto é a diferenza entre ingresos e gastos correntes, no ano 2008 acadou os 1.561 millóns de euros, un 7,9% menos que o acadado no ano 2007 (1.695 millóns de euros), isto é consecuencia dun incremento dos gastos correntes (8,1%) superior ao incremento acadado polos ingresos correntes (3,9%).

No que respecta ás operacións de capital, o saldo entre ingresos e gastos de capital, foi un 11,6% máis negativo no ano 2008, acadando os 1.651 millóns de euros máis os gastos de capital que os ingresos.

Como consecuencia o resultado non financeiro do orzamento executado da administración xeral no ano 2008 foi negativo en 221, 6 millóns de euros, cando no exercicio precedente acadou un saldo positivo de 215,5 millóns de euros.

Finalmente, é importante destacar a diferenza existente entre o volume de gastos non financeiros iniciais e os gastos non financeiros derivados das obrigas recoñecidas do orzamento de gastos. Neste senso, obsérvase que os gastos non financeiros deri-

vados das obrigas recoñecidas no ano 2008 son superiores en máis de 364 millóns de euros aos previstos inicialmente, o que unido á estabilidade no ámbito dos ingresos, deriva nun resultado non financeiro en base a obrigas recoñecidas negativo de 221,6 millóns de euros.

O desaxuste existente entre gastos iniciais e obrigas recoñecidas ven explicado, na súa maior parte, pola evolución dos gastos correntes, neste senso as obrigas recoñecidas no exercicio orzamentario do ano 2008 en base aos catro capítulos de gasto corrente foron superiores en máis de 324 millóns de euros aos créditos do orzamento inicial.

O orzamento das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O orzamento de explotación das **sociedades mercantís** increméntase nun 29,4%, pasando de 438,1 a 567,1 millóns de euros no exercicio de 2008. No mesmo senso o orzamento de capital das ditas sociedades aumenta un 7%, acadando os 358,6 millóns de euros fronte aos 335,2 millóns de euros no ano anterior. No caso dos **entes públicos**, o seu orzamento de explotación incrementouse un 8,5%, acadando os 493,8 millóns de euros en 2008, mentres que o de capital o fixo nun 15,8%, situándose nos 273,1 millóns de euros nese mesmo ano (**cadro 4.1.9.**).

A débeda en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata 3.894 millóns de euros, o que representa o 5,7% da débeda total española. Comparado co

Orzamentos das sociedades públicas 2007-08: sociedades mercantís e entes públicos

Sociedades mercantís

	2007		2008		08/07	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
	(en miles de €)				08/07 (%)	
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	5.384	569	7.105	549	32,0	-3,5
Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.	2.501	45	2.631	30	5,2	-33,3
SODIGA, S.C.R.	6.266	4.367	6.794	21.296	8,4	387,7
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	5.533	86.749	5.738	97.146	3,7	12,0
Xes Galicia, S.A.	2.937	968	3.191	1.118	8,6	15,5
Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense	8.340	90.998	8.213	73.265	-1,5	-19,5
S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia	2.105	236	1.595	236	-24,2	0,0
Galicia Calidade, S.A.	327	1.351	586	1.412	79,2	4,5
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.	38.843	16.472	40.072	16.500	3,2	0,2
S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia	6.676	500	7.117	510	6,6	2,0
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.	-	-	53.015	1.503	-	-
S.A. Xestora do Banco de Terras de Galicia	-	-	701	892	-	-
Xenética Fontao, S.A.	2.878	365	3.168	280	10,1	-23,3
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo	23.375	4.475	23.986	4.520	2,6	1,0
Galería Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.	30.093	6.188	33.594	1.972	11,6	-68,1
Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.	93.730	15.938	93.340	17.398	-0,4	9,2
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	64.770	35.034	94.669	50.730	46,2	44,8
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	34.341	19.676	59.154	25.748	72,3	30,9
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	33.313	868	42.746	42.734	28,3	4823,3
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	76.718	50.432	79.688	733	3,9	-98,5
Total	438.130	335.231	567.103	358.572	29,4	7,0

Entes públicos

	2007		2008		08/07	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
	(en miles de €)				08/07 (%)	
Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades	122.953	17.377	131.791	17.830	7,2	2,6
Consello Económico e Social	1.192	42	1.307	42	9,6	0,0
Instituto Galego de Promoción Económica	116.984	10.445	109.238	26.360	-6,6	152,4
CIXTEC	15.574	5.849	16.863	6.838	8,3	16,9
Portos de Galicia	22.197	38.267	23.945	34.770	7,9	-9,1
Instituto Enerxético de Galicia	8.486	1.620	9.634	5.360	13,5	230,9
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	25.979	48	38.701	2.221	49,0	4527,1
Instituto Galego da Calidade Alimentaria	-	-	1.678	2.678	-	-
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	3.424	47.073	6.035	55.000	76,3	16,8
Fundación Pública Hospital de Verín	13.242	299	14.589	399	10,2	33,4
Instituto Galego de Oftalmoloxía	2.209	199	2.286	138	3,5	-30,7
Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira	15.511	207	17.931	500	15,6	141,5
Fundación Pública Hospital da Barbanza	18.129	220	20.807	452	14,8	105,5
F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria	2.929	830	3.426	122	17,0	-85,3
Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia - 061	38.768	238	42.300	154	9,1	-35,3
Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés	18.516	173	21.095	137	13,9	-20,8
Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia	21.455	1.133	23.993	651	11,8	-42,5
Fundación Pública de Medicina Xenómica	1.475	98	2.051	358	39,1	265,3
Instituto Técnico de Control do Medio Mariño	2.347	3.000	2.154	2.000	-	-
Obras e Servizos Hidráulicos	3.883	108.846	3.940	117.128	1,5	7,6
Total	455.253	235.964	493.764	273.138	8,5	15,8

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

Débeda das CC.AA. 2007-08 ⁽¹⁾: valores absolutos e ratios débeda / habitante e débeda / PIB

	2007			2008		
	débeda acumulada	débeda / habitante	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / habitante	débeda / PIB
	(en millóns de €)	(2) (en €)	(%)	(en millóns de €)	(en €)	(%)
Andalucía	7.177	890,51	4,9	8.051	875,01	5,3
Aragón	1.165	898,47	3,6	1.517	877,97	4,5
Asturias	744	692,18	3,3	770	688,80	3,3
Baleares	1.798	1.744,53	6,9	2.427	1.675,92	9,0
Canarias	1.562	771,00	3,7	1.883	752,42	4,3
Cantabria	434	757,65	3,3	511	745,53	3,7
Castela - A Mancha	1.829	925,00	5,1	2.380	895,21	6,3
Castela e León	1.794	709,53	3,2	2.459	701,51	4,2
Cataluña	14.863	2.061,30	7,6	18.230	2.018,31	8,9
Extremadura	785	720,19	4,5	904	715,10	5,0
Galicia	3.712	1.338,85	6,9	3.894	1.333,25	6,9
Madrid	10.103	1.661,22	5,5	10.166	1.610,90	5,3
Murcia	648	465,48	2,4	755	454,38	2,7
Navarra	628	1.036,52	3,5	798	1.012,29	4,3
País Vasco	642	299,74	1,0	893	297,62	1,3
A Ríoxa	276	893,30	3,6	393	869,29	4,9
C. Valenciana	11.550	2.364,37	11,3	12.137	2.296,40	11,4
Total	59.710	1.321,00	5,7	68.168	1.293,61	6,2

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: Banco de España

4.1.10.**Débeda das empresas públicas das CC.AA. 2007-08** ⁽¹⁾: valores absolutos e ratio débeda / PIB

	2007		2008	
	débeda acumulada	débeda / PIB	débeda acumulada	débeda / PIB
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)
Andalucía	166	0,1	195	0,1
Aragón	218	0,7	309	0,9
Asturias	170	0,8	159	0,7
Baleares	548	2,1	705	2,6
Canarias	217	0,5	250	0,6
Cantabria	19	0,1	20	0,1
Castela - A Mancha	672	1,9	839	2,2
Castela e León	54	0,1	94	0,2
Cataluña	4.605	2,3	5.777	2,8
Extremadura	4	0,0	14	0,1
Galicia	237	0,4	305	0,5
A Ríoxa	17	0,2	25	0,3
Madrid	924	0,5	1.158	0,6
Murcia	-	-	29	0
Navarra	246	1,4	294	1,6
País Vasco	538	0,8	559	0,8
C. Valenciana	1.764	1,7	2.003	1,9
Total	10.399	1,0	12.735	1,2

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre de cada ano; as unidades que se recollen aquí como Empresas Públicas son os principais organismos non administrativos, entes e empresas non clasificadas como Comunidades Autónomas.

Fonte: Banco de España

4.1.11.

**Orzamentos consolidados das entidades locais en Galicia e España 2007:
clasificación económica**

Ingresos

	Galicia	España	Galicia/E spaña
	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(%)</i>
Impostos directos	592.895	20.116.193	2,95
Impostos indirectos	176.671	11.157.899	1,58
Taxas e outros ingresos	368.052	10.632.842	3,46
Transferencias correntes	970.446	17.151.075	5,66
Ingresos patrimoniais	31.088	1.439.259	2,16
Operacións correntes	2.139.152	60.497.268	3,54
Enaxenación de investimentos reais	91.923	3.916.263	2,35
Transferencias de capital	243.316	4.690.020	5,19
Operacións de capital	335.239	8.606.283	3,90
Operacións non financeiras	2.474.391	69.103.551	3,58
Activos financeiros	13.237	302.146	4,38
Pasivos financeiros	118.057	4.054.503	2,91
Operacións financeiras	131.294	4.356.649	3,01
Total	2.605.684	73.460.200	3,55

Gastos

	Galicia	España	Galicia/E spaña
	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(%)</i>
Gastos de persoal	767.746	18.349.297	4,18
Gastos en bens correntes e de servizos	791.173	17.592.784	4,50
Gastos financeiros	46.164	1.255.004	3,68
Transferencias correntes	133.832	14.820.369	0,90
Operacións correntes	1.738.915	52.017.454	3,34
Investimentos reais	682.273	16.606.663	4,11
Transferencias de capital	34.813	1.396.977	2,49
Operacións de capital	717.086	18.003.640	3,98
Operacións non financeiras	2.456.001	70.021.094	3,51
Activos financeiros	14.967	480.225	3,12
Pasivos financeiros	105.673	2.594.541	4,07
Operacións financeiras	120.640	3.074.766	3,92
Total	2.576.641	73.095.860	3,53

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

4.1.12.

resto das Comunidades autónomas, Galicia, é unha das que rexistra un menor incremento da súa débeda en relación ao mesmo período do ano anterior, (4,9% de incremento), tan só nas Comunidade de Madrid (0,6%) e Asturias (3,5%) o incremento foi menor. No conxunto do Estado, o incremento experimentado foi do 14,2%.

En termos relativos, a relación entre o endebedamento e o PIB mantívose constante no ano 2008 no 6,9%, sendo esta porcentaxe do 6,2% no conxunto do

Estado. O endebedamento por habitante descendeu ata os 1.333,2 euros, situándose sen embargo por riba da media estatal, que foi de 1.293,6 euros por persoa.

No ano 2008, o endebedamento das empresas públicas rexistrou en Galicia unha medra do 28,7% respecto ao ano anterior. Se en 2007 a débeda acumulada ascendía a 237 millóns de euros, no último ano esta foi de 305 millóns de euros, o que representa o 0,5% do PIB galego. Segundo os datos do Banco de España, a pesar desta medra Galicia segue por baixo da ratio

4.1.13.

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

Recadación tributaria aplicada en Galicia e España 2007-2008

	2007		2008		08/07	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
					(%)	
Capítulo I - Impuestos directos	4.450,5	119.979,0	3.997,5	101.011,5	-10,2	-15,8
Imposto s/ a renda das persoas físicas	2.661,1	72.614,3	2.593,7	71.341,1	-2,5	-1,8
Impostos sobre sociedades	1.731,3	44.823,2	1.323,9	27.301,4	-23,5	-39,1
Imposto sobre a renda de non residentes	54,4	2.427,3	58,0	2.262,1	6,5	-6,8
Resto Capítulo I	3,6	67,1	21,8	67,1	508,5	0,0
Capítulo II - Impuestos indirectos	2.062,7	78.861,4	1.700,0	70.676,5	-17,6	-10,4
Imposto sobre o valor engadido	1.910,8	55.850,7	1.560,2	48.020,8	-18,3	-14,0
Impostos especiais	51,1	19.786,4	49,7	19.569,0	-2,7	-1,1
Tráfico exterior	99,2	1.720,4	88,7	1.566,1	-10,6	-9,0
Resto Capítulo II	1,6	1.503,9	1,3	1.520,7	-17,3	1,1
Capítulo III - Taxas e outros ingresos	36,9	1.835,6	44,3	1.765,3	20,1	-3,8
Total	6.550,2	200.676,0	5.721,9	173.453,3	-12,6	-13,6

Fonte: Agencia Tributaria

4.1.14.

endebedamento/PIB rexistrada no conxunto do Estado: 1,2%. (**cadro 4.1.11.**)

Orzamento dos entes locais territoriais

A clasificación económica do orzamento consolidado das entidades locais galegas no ano 2007 (último ano dispoñible), mostra como os ingresos tributarios previstos nas entidades locais galegas para o citado ano representa o 53,2% dos ingresos correntes, mentres que esta porcentaxe acada os 69,3% de media no conxunto do Estado, o que reflicte a escasa capacidade das entidades locais de financiarse a través de tributos cedidos, sendo necesario que o 49,1% do total dos ingresos non financeiros se ingresen a través de transferencias correntes e de capital, fronte ao 31,6% de media no conxunto do Estado. (**cadro 4.1.12.**)

En relación aos gastos, destacar que o 4,1% dos

investimentos reais do conxunto das entidades locais estatais, é realizado en Galicia.

En comparación co resto de Comunidades, o **cadro 4.1.13.** mostra que Galicia é a novena comunidade en volume de ingresos e gastos orzamentarios previstos polo conxunto das entidades locais no ano 2007.

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación líquida total en Galicia reduciuse no último ano un 12,6% respecto ao ano anterior, acadando os 5.721,9 millóns de euros, manténdose constante o seu peso relativo no total estatal no 3,3%.

En termos absolutos, o **cadro 4.1.14.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.593,7 millóns de euros, fronte aos 1.560,2 millóns de euros do IVE ou os

1.323,9 millóns no caso do imposto de sociedades. Comparado co ano anterior, cómpre salientar a redución da recadación experimentada polo IRPF, con 67,4 millóns de euros menos (2,5% menos que en 2007), polo imposto de sociedades, con 407,4 millóns de euros menos (23,5%) e mailo IVE, con 350,6 millóns de euros menos (18,3%). Asemade, descende a contía recadada polos impostos especiais e de tráfico exterior.

Atendendo á recadación das distintas delegacións da Axencia Tributaria en Galicia, cómpre salientar que A Coruña é a que presenta a maior recadación, con 3.383,3 millóns de euros, 356,7 millóns menos que no ano precedente (9,5%). As cinco delegacións presentan reducións na recadación tributaria, salientando as de Vigo e Ourense, con reducións na recadación do 20,8% e do 20,6%, respectivamente, en relación ao ano 2007. ■

4.2.- Cobertura social e prestacións económicas

As obrigas contraídas polas entidades xestoras e Tesorería General da Seguridade Social en Galicia ascenderon 6.299,1 millóns de euros, en tanto que os seus dereitos recoñecidos netos acadaron os 4.574,5 millóns de euros.

No último ano, o número total de beneficiarios dalgún tipo de prestacións económicas medrou en torno ás 37.000 persoas, acadando as 883.900 persoas. Este incremento ven explicado fundamentalmente pola medra do número de beneficiarios das prestacións por desemprego.

Un ano máis, o importe medio das pensións contributivas en Galicia segue a ser o máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas. Asemade, hai que destacar que este problema se agrava dado o novo incremento do diferencial coa media estatal.

Tendo en conta que hai un capítulo específico dedicado ao estudio das prestacións sanitarias e sociais [4.3.- *Prestacións sanitarias e sociais*], neste capítulo se analizan en primeiro lugar, o financiamento e a cobertura social do Estado, para posteriormente centrarse nas prestacións económicas dos distintos beneficiarios dalgún tipo de prestación: pensións contributivas, pensións non contributivas, prestacións por desemprego e renda de integración social.

Financiamento e cobertura social do Estado

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social en 2008 (media anual), **cadro 2.1.2.** [*Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España*

2006-08], experimentou un crecemento do 0,2% respecto ao ano anterior (2,4 miles de afiliacións máis), para acadar as 1.072,5 miles de persoas afiliadas. A meirande parte destas afiliacións corresponden ao grupo do réxime xeral, que acolle, **cadro 2.1.3.** [*Traballadores en alta laboral 2007-08: distribución segundo réximes*], ao 73,2% do total de afiliacións (785.727 traballadores), seguido do réxime especial de autónomos cun 22% das mesmas (236.438 persoas).

Antes da análise máis polo miúdo dos dereitos recoñecidos e das obrigas contraídas pola Tesorería General, cómpre salientar a existencia dun novo diferencial teórico positivo no caso do réxime xeral e do réxime especial de traballadores autónomos (267,1 e 67,2 millóns de euros, respectivamente). Esta diferenza é negativa no resto dos réximes, salientando o réxime especial agrario, cun saldo negativo de 1.348 millóns de euros, e o dos traballadores do mar, con 454,6 millóns de euros.

Os dereitos recoñecidos netos realizados pola Tesorería General da Seguridade Social en Galicia, **cadro 4.2.2.**, acadaron os 5.059,6 millóns de euros, dos que 5.011,7 millóns de euros corresponderon ás cotizacións sociais. Trala medra experimentada en 2008 nas catro provincias galegas, mantense a súa importancia relativa no total de Galicia, de tal xeito que A Coruña acolle o 43,5% dos dereitos recoñecidos netos (2.199,8 millóns de euros) e Pontevedra, o 35,6% (1.799,2 millóns de euros). En Lugo e Ourense estas porcentaxes foron do 11% (558,1 millóns de euros) e o 9,9% (502,4 millóns de euros), respectivamente.

Obrigas contraídas e dereitos recoñecidos netos realizados pola TGSS en Galicia 2008:
distribución segundo réximes

	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Diferencial
	(en €)		
Réxime Xeral	3.722.359.574,21	3.455.220.565,90	267.139.008
Réxime especial de traballadores autónomos	676.913.793,57	609.734.850,11	67.178.943
Réxime especial agrario	14.106.505,58	1.362.116.899,99	-1.348.010.394
Réxime especial de traballadores do mar	87.746.621,21	542.327.563,97	-454.580.943
Réxime especial da minaría do carbón	2.481.607,62	23.749.851,23	-21.268.244
Réxime especial de empregados de fogar	36.844.869,94	110.177.727,73	-73.332.858
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	34.010.209,95	195.735.854,70	-161.725.645

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

4.2.1.

Dereitos recoñecidos netos realizados pola TGSS en Galicia 2008

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en €)				
Cotizacións sociais	5.011.740.885,76	2.178.486.455,26	551.499.001,35	497.339.279,66	1.784.416.149,49
Réxime Xeral	3.722.359.574,21	1.655.518.204,27	379.427.763,24	360.340.563,20	1.327.073.043,50
Réxime especial de traballadores autónomos	676.913.793,57	272.421.237,81	107.388.290,75	82.699.735,05	214.404.529,96
Réxime especial agrario	14.106.505,58	4.778.116,16	5.061.811,00	1.204.731,05	3.061.847,37
Réxime especial de traballadores do mar	87.746.621,21	28.385.772,11	7.684.969,17	11.167,48	51.664.712,45
Réxime especial da minaría do carbón	2.481.607,62	2.263.196,40	85.000,86	65.874,93	67.535,43
Réxime especial de empregados de fogar	36.844.869,94	15.095.537,58	5.176.946,73	5.330.937,24	11.241.448,39
Accidentes de traballo e enferm. profesionais	34.010.209,95	14.715.462,51	5.158.317,22	3.398.009,23	10.738.420,99
Cotizacións de desempregados	437.277.703,68	185.308.928,42	41.515.902,38	44.288.261,48	166.164.611,40
Taxas e outros ingresos	45.565.390,93	19.942.425,99	6.254.549,82	4.938.950,32	14.429.464,80
Transferencias correntes	1.409.860,55	857.770,22	243.460,84	116.498,54	192.130,95
Ingresos patrimoniais	364.808,13	294.216,10	22.652,78	4.209,26	43.729,99
Enaxenación de investimentos reais	64.699,58	63.255,58	0,00	0,00	1.444,00
Activos financeiros	481.444,84	195.743,33	76.942,18	52.385,95	156.373,38
Totais	5.059.627.089,79	2.199.839.866,48	558.096.606,97	502.451.323,73	1.799.239.292,61

Fonte: Tesorería General de la Seguridad Social

4.2.2.

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2008

	Total	A Coruña	Lugo (en €)	Ourense	Pontevedra
Gastos de persoal	95.429.930,7	40.392.910,4	13.570.128,0	10.890.047,9	30.576.844,4
Gastos correntes en bens e servizos	18.630.852,0	7.809.840,4	2.320.411,6	1.556.809,7	6.943.790,3
Gastos financeiros	108.572,3	33.728,4	3.253,8	24.393,4	47.196,6
Transferencias correntes	6.637.759.481,6	2.582.162.478,7	990.680.625,2	882.111.989,2	2.182.804.388,5
Pensións	6.196.273.319,7	2.395.240.751,1	941.347.347,8	842.932.338,4	2.016.752.882,4
Pensións de invalidez	744.684.086,3	293.036.969,5	94.423.199,5	98.472.780,8	258.751.136,5
Pensións de xubilación	4.216.371.984,4	1.602.888.201,2	674.534.039,1	585.996.808,2	1.352.952.845,9
Pensións de viuvez	1.116.573.964,4	451.375.591,8	157.571.573,2	141.813.115,2	365.813.684,3
Pensións de orfandade	88.698.442,2	36.883.162,5	11.204.580,8	10.683.478,8	29.927.220,2
Pensións a favor de familiares	29.945.132,3	11.056.826,2	3.613.955,2	5.966.155,4	9.308.195,6
Incapacidade temporal	231.885.397,8	82.476.837,8	27.983.561,2	21.229.019,9	100.195.979,0
Recargos por falta de medidas seguridade e hixiene	2.859.277,6	1.140.360,4	593.009,2	256.110,4	869.797,7
Prestación por maternado, paternidade e risco no embarazo	88.484.517,8	38.707.307,4	7.818.790,1	7.737.613,0	34.222.807,3
Prestacións familiares	78.920.682,5	32.930.605,3	10.638.558,7	8.720.609,8	26.629.918,7
Outras prestacións, indemnizacións e entregas únicas	6.078.166,4	2.982.994,7	788.908,6	697.654,2	1.608.608,9
Prestacións sociais	33.245.540,9	28.679.132,2	1.510.790,6	537.961,0	2.517.657,1
Outras prestacións e indemnizacións	12.568,9	4.489,9	659,0	682,5	6.737,5
Investimentos reais	11.786.331,5	10.697.724,2	452.438,4	196.775,0	439.393,9
Activos financeiros	490.652,9	174.148,9	81.098,7	69.448,0	165.956,3
Pasivos financeiros	48.615,2	48.615,2	-	-	-
Total	6.764.254.436,1	2.641.319.446,2	1.007.107.956,8	894.849.463,2	2.220.977.569,9

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridad Social

Obrigas contraídas polas Entidades Xestoras e TGSS en Galicia 2008: transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
					(en €)				
Pensións	3.221.861.000	565.863.742	1.355.093.017	521.177.892	23.738.650	103.220.225	183.194.900	222.123.893	6.196.273.319,7
Invalidez permanente	395.397.909	70.690.525	53.862.878	44.535.226	1.383.605	8.180.070	80.364.366	90.269.408	744.684.086,3
Xubilación	2.147.444.885	384.168.484	1.046.804.174	360.047.476	16.998.984	91.115.182	37.938.025	131.854.485	4.216.371.694,4
Vivuvez	628.356.201	102.713.940	212.344.289	107.612.397	5.010.728	3.031.725	57.504.695	-	1.116.573.964,4
Orfandeade	40.721.785	6.901.991	27.212.383	7.066.127	235.257	-	5.919.071	-	88.698.442,2
Favor de familiares	9.940.221	1.388.702	14.869.292	1.916.676	110.078	251.421	1.468.743	-	29.945.132,3
Subsidios	235.242.719	43.874.884	7.023.463	21.285.976	11.201	6.957.694	12.534.876	78.943.795	408.228.049,1
Incapacidade temporal por enfermidade ou accidente	155.340.015	36.797.803	6.873.371	20.508.341	8.914	6.230.791	6.126.164	-	231.885.397,8
Compensación por colab. de empresas	153.629.399	36.797.803	6.873.371	20.508.341	8.914	6.230.791	6.126.164	-	230.174.781,9
Recargos por falta de medidas de seguridade e hixiene	1.710.616	-	-	-	-	-	-	-	1.710.615,9
Maternidade	78.908.732	6.884.036	121.850	641.330	1.281	720.403	2.859.278	-	2.859.277,6
Subsidio temporal por maternidade	71.107.853	6.275.687	117.336	532.810	-	714.681	1.182.783	23.103	88.484.517,8
Subsidio temporal por paternidade	471	-	-	-	-	5.419	286.937	23.103	78.771.469,6
Subsidio temporal por risco durante a lactancia natural	7.801.408	602.949	4.514	108.521	1.281	303	-	-	292.826,6
Prestacións familiares	-	5.400	-	-	-	-	856.846	-	851.875,2
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	901.246,3
Id. con discapacidade	-	-	-	-	-	-	-	-	78.920.692
Nacemento de fillo	-	-	-	-	-	-	-	-	10.314.964
Parto múltiple	-	-	-	-	-	-	-	-	67.132.706
Outras prestacións	992.973	193.045	28.242	136.305	1.007	6.500	2.366.651	830.312	642.710
Prestacións asumidas procedentes MUNPAL	2.848	-	-	-	-	-	-	-	830.312,4
Auxilio por defunción	176.856	186.476	28.017	27.812	1.007	6.308	2.431	-	6.078.163,4
Indemnización a tanto alzado	802.043	-	-	108.493	-	66	769.223	-	2.848,4
Por barrego	-	-	-	-	-	-	1.417.931	-	428.906,5
Prestacións do Seguro escolar	-	-	-	-	-	-	-	-	1.679.824,8
Prestacións complementarias D. Transít. Lev 21/1986 S	-	-	-	-	-	-	-	-	1.417.930,7
Outras prestacións, indemnizacións e achegas únicas	11.226	6.569	225	-	-	126	177.066	-	130.711,7
Prestacións sociais	-	-	-	-	-	-	-	-	2.222.729,8
Outras prestacións e indemnizacións	-	-	-	-	-	-	-	-	185.211,5
Total	3.457.103.719	609.736.625	1.362.116.480	542.463.869	23.749.851	110.177.920	195.728.775	301.067.688	6.637.759.478,6

Fonte: Tesorería Xeral de la Seguridade Social

Desagregando as cotizacións sociais segundo réxime de aplicación en Galicia, o **cadro 4.2.2.** reflicte que as máis importantes son as do réxime xeral, con 3.722,4 millóns de euros (o 74,3% do total das cotizacións sociais), seguíndolle en importancia as do réxime especial de traballadores autónomos, con 676,9 millóns de euros (13,5%) e as cotizacións de desempregados, con 437,3 millóns de euros (8,7%).

O importe total das **obrigas contraídas** en Galicia polas entidades xestoras e Tesorería General de la Seguridad Social ascendeu a 6.764,2 millóns de euros, dos que 6.637,8 millóns de euros (o 98,1%) corresponden ás transferencias correntes. Ao igual que no caso dos dereitos recoñecidos, todas as provincias presentan unha medra das súas obrigas contraídas, sendo A Coruña a que as ten máis elevadas, con 2.641,3 millóns de euros (o 39% do total galego), seguido de Pontevedra, con 2.221 millóns de euros (32,8%) e Lugo e Ourense con 1.007,1 (o 14,9%) e 894,8 millóns de euros (13,2%), respectivamente.

Centrándonos nas transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro, o **cadro 4.2.4.** reflicte que as máis importantes seguen sendo as do réxime xeral e o agrario, con 3.457,1 e 1.362,1 millóns de euros, respectivamente.

As pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 4.216,4 millóns de euros, seguidas das pensións de viuvez, con 1.116,6 millóns de euros. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 231,9 millóns de euros.

Prestacións económicas

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación ascendeu en Galicia a 883.895 persoas, un 4,4% máis que no ano anterior. O incremento de 37.081 persoas ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada nas prestacións por desemprego, con 32.510 beneficiarios máis que no ano anterior.

• Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que, no ano 2008, cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social situouse nas 708.539 persoas, ascendendo o seu importe medio mensual a 605,72 euros por persoa. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 0,9% respecto ao ano anterior (1,4% no conxunto do Estado), permanecendo a súa importancia relativa no total estatal no 8,4%.

Galicia segue sendo a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Asemade, non só continúa a ser a Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, senón que volve a medrar o diferencial co importe medio estatal: 120,16 euros inferior en 2008 fronte aos 111,5 euros menos no ano anterior.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.2.6.** reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente en Galicia foi de 67,5 miles de pensións (65,8 miles de pensións en 2007). O seu importe medio ascendeu ata os 686,41 euros, 115,08 euros inferior á media estatal, o que sitúa a Galicia coma a terceira comunidade co impor-

Prestacións 2007-08: distribución segundo tipo de cobertura

	2007		2008	
	número (1)	importe medio (2)	número	importe medio
Pensións contributivas	702,4	562,19	708,5	600,73
Incapacidade permanente	65,8	650,98	686,4	686,41
Xubilación	433,8	622,53	436,0	667,65
Viuvez	177,6	417,86	179,8	443,69
Orfandade e favor familiar	25,1	308,55	25,2	333,85
Pensións non contributivas	51,7		50,2	
Invalidez	19,9		19,1	
Xubilación	31,9		31,8	
LISMI	2,3		2,1	
Pensións asistenciais	0,1		0,1	
Prestacións por desemprego (3)	84,0	867,10	116,5	785,60
Contributivas	47,2		73,9	
Subsidios	31,6		37,1	
Renta activa de inserción	5,2		5,4	
RISGA (3)	4.178	359,92	4.350	372,73
Axudas de emerxencia social	2.074	1.242,16	2.172	1.278,18

(1) medias anuais, en miles

(2) en euros

(3) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración e Consellería de Traballo e Benestar

4.2.5.

te medio máis baixo, por diante de Murcia, con 672,16 euros, e Estremadura, con 653,53 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 436 e 179,8 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 8,8% do total das pensións de xubilación de España e o 8% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado, con 667,65 e 443,69 euros, respectivamente, e ao igual que no caso das pensións de incapacidade permanente, aumenta o diferencial coa media estatal.

Canto á distribución segundo réximes, os datos

recollidos no **cadro 4.2.7.** indican que os réximes xeral e o réxime especial de traballadores autónomos acollen o maior número de pensións, con 298.126 e 294.663 pensións, respectivamente, situándose as súas pensións medias en 752,86 e 454,36 euros, respectivamente. Neste senso, destacar a redución experimentada no período 2007-08 no importe medio das pensións dos traballadores autónomos (17,53 euros menos de media) a causa, fundamentalmente, da inclusión no citado réxime dos traballadores agrarios por conta propia. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 51.289 e o seu importe medio, a 723,34 euros.

Pensiones contributivas nas CC.AA. 2007-08: distribución segundo clase de pensión

2007

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número (1)	importe medio (2)	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Andalucía	1.312,9	621,84	198,2	717,66	694,7	698,27	359,5	476,64	60,5	293,36
Aragón	272,4	695,32	22,8	836,92	167,7	774,25	73,9	511,30	8,0	335,35
Asturias	290,7	814,61	35,2	943,74	162,2	949,50	83,9	547,11	9,3	385,24
Baleares	157,5	609,20	18,9	694,68	92,4	681,74	41,6	447,71	4,7	268,74
Canarias	234,3	632,63	28,7	675,30	123,6	739,70	67,6	491,31	14,3	290,56
Cantabria	126,5	700,28	13,4	816,48	74,2	792,77	34,3	502,73	4,6	344,69
Castela-A Mancha	328,0	622,51	32,8	689,31	189,6	696,44	92,1	492,18	13,5	310,15
Castela e León	576,3	651,26	43,0	776,21	356,8	727,67	155,8	483,79	20,8	333,80
Cataluña	1.477,5	694,25	161,8	790,94	904,7	771,47	375,4	503,24	35,5	306,88
C. Valenciana	829,8	616,45	87,5	700,26	486,5	687,81	226,5	472,74	29,3	291,67
Extremadura	200,6	572,13	20,9	620,37	110,4	640,32	59,5	474,19	9,9	297,69
Galicia	702,4	562,19	65,8	650,98	433,8	622,53	177,6	417,86	25,1	308,55
Madrid	892,7	799,39	67,5	875,27	549,1	919,14	246,6	567,75	30,0	338,27
Murcia	212,1	593,77	29,8	630,88	117,3	672,32	56,1	458,50	8,8	284,53
Navarra	113,0	755,56	10,8	913,09	70,2	845,10	28,4	527,73	3,7	338,69
País Vasco	471,9	843,02	43,9	984,04	285,1	958,62	127,0	592,91	15,8	375,52
A Ríoxa	61,1	642,78	5,7	748,63	38,3	704,78	15,3	484,46	1,7	323,05
Ceuta e Melilla	14,3	711,18	1,8	902,89	6,7	856,78	4,8	526,30	1,1	286,95
Total	8.273,9	673,69	888,8	760,71	4.863,3	760,00	2.225,5	498,30	296,4	313,49
G/E (%)	8,5		7,4		8,9		8,0		8,5	

2008

	Totais		Incapacidade permanente		Xubilación		Viuvez		Orfandade e favor familiar	
	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio	número	importe medio
Aragón	274,8	744,01	23,0	881,95	169,4	831,55	74,3	543,78	8,1	358,71
Asturias	292,0	865,69	35,5	987,23	162,9	1.012,29	84,4	580,41	9,2	413,85
Baleares	159,8	651,24	18,8	730,79	94,1	732,93	42,2	474,67	4,8	289,14
Canarias	240,1	675,80	29,7	713,68	127,1	791,39	69,0	521,34	14,3	316,18
Cantabria	127,8	748,51	13,8	859,76	74,7	851,70	34,6	533,20	4,7	370,19
Castela-A Mancha	331,4	667,78	34,1	729,39	190,8	749,84	93,1	525,20	13,5	336,19
Castela e León	578,5	696,05	43,1	812,76	358,2	780,34	156,7	515,05	20,5	361,49
Cataluña	1.497,8	742,79	164,4	840,27	918,8	827,90	379,0	533,15	35,6	328,90
C. Valenciana	845,0	658,93	90,5	740,82	495,8	736,84	229,2	502,27	29,4	314,79
Extremadura	202,3	611,84	21,3	653,53	111,3	686,40	59,9	505,39	9,8	325,66
Galicia	708,5	600,73	67,5	686,41	436,0	667,65	179,8	443,69	25,2	333,85
Madrid	913,7	852,79	69,3	917,28	565,1	981,84	249,2	601,65	30,1	361,48
Murcia	214,5	633,80	30,3	672,16	118,4	718,77	56,9	487,41	8,9	308,67
Navarra	115,2	808,54	11,0	960,77	71,8	907,30	28,6	560,42	3,7	362,10
País Vasco	479,4	898,27	44,4	1.033,41	290,8	1.023,72	128,5	628,35	15,7	401,41
A Ríoxa	61,9	686,52	5,7	792,08	39,0	754,75	15,5	514,79	1,8	343,53
Ceuta e Melilla	14,5	752,33	1,9	931,99	6,7	911,03	4,8	559,87	1,1	308,49
Total	8.390,8	719,68	906,8	801,49	4.936,8	814,51	2.249,9	529,01	297,2	338,15
G/E (%)	8,4		7,4		8,8		8,0		8,5	

(1) medias anuais, en miles

(2) en euros

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

Pensións contributivas en Galicia e España 2007-08 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime**2007**

	Galicia		España		Galicia / España	
	número (2)	importe medio (3)	número	importe medio	número (%)	importe medio
Réxime Xeral	289.437	708,88	4.745.559	817,95	6,1	86,7
R. E. de traballadores autónomos	75.665	471,89	1.022.445	499,89	7,4	94,4
R. E. Agrario, conta propia	221.831	411,58	779.327	438,48	28,5	93,9
R. E. Agrario, conta allea	6.265	431,37	652.081	453,31	1,0	95,2
R. E. de Traballadores do Mar	50.681	681,05	131.049	749,04	38,7	90,9
R. E. da Minería do Carbón	1.621	987,10	70.405	1.208,53	2,3	81,7
R. E. de Empregados de Fogar	16.241	419,68	190.459	424,24	8,5	98,9
Accidentes de Traballo e enfermidades profesionais	20.205	-	247.837	-	8,2	-
SOVI	20.500	315,91	434.777	318,67	4,7	99,1
Total	702.445	567,45	8.273.939	681,46	8,5	83,3

2008

	Galicia		España		Galicia / España	
	número	importe medio	número	importe medio	número (%)	importe medio
Réxime Xeral	298.126	752,86	4.860.558	861,21	6,1	87,4
R. E. de traballadores autónomos	294.663	454,36	1.811.556	502,75	16,3	90,4
R. E. Agrario, conta propia	-	-	-	-	-	-
R. E. Agrario, conta allea	6.178	458,02	648.782	484,55	1,0	94,5
R. E. de Traballadores do Mar	51.289	723,34	131.113	789,23	39,1	91,7
R. E. da Minería do Carbón	1.610	1.034,84	69.598	1.268,84	2,3	81,6
R. E. de Empregados de Fogar	16.378	444,34	188.003	449,29	8,7	98,9
Accidentes de Traballo e enfermidades profesionais	20.399	745,96	249.228	827,25	8,2	-
SOVI	19.895	333,76	431.959	336,25	4,6	99,3
Total	708.539	605,72	8.390.797	719,68	8,4	84,2

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) medias anuais, en miles

(3) en euros

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración

4.2.7.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a primeira Comunidade con menor importe medio no caso do réxime de traballadores autónomos e a segunda Comunidade con menor importe medio no caso do réxime xeral, por detrás de Estremadura. No caso do réxime especial de traballadores agrarios, o importe

medio galego tan só é superior ao rexistrado en Baleares, Ceuta e Melilla.

Á hora de analizar a evolución respecto do ano anterior do número de pensións e do importe medio das mesmas en relación ao ano anterior, hai que ter en

conta que pola lei 18/2007, de 4 de xullo, establécese dentro do Réxime Especial dos Traballadores Autónomos, e con efecto dende o 1 de xaneiro de 2008, o *Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:*

- *Ser titulares dunha explotación agraria e obter, ao menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte da renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación no sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias das mesmas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.*
- *Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular da mesma non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no Réxime Xeral da Seguridade Social.*
- *A realización de labores agrarias de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 en un ano, computado de data a data.*

Tendo en conta o anteriormente sinalado e atendendo á evolución respecto ao ano anterior, rexístrase un novo incremento do número de pensións contributivas en Galicia en tódolos réximes agás no réxime especial de traballadores autónomos, no réxime especial agrario, no da minería do carbón e no seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI). No concernente aos importes medios, e ao igual que en 2007, estes medran nos diferentes réximes, con incrementos similares aos rexistrados no conxunto do Estado. Destacar o réxime xeral, cunha medra do 6,2% do importe medio fronte ao 5,3% de medra do importe medio estatal.

• Pensións non contributivas

O número total de **beneficiarios das pensións non contributivas** volveu a descender no último ano tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. A Comunidade autónoma de Galicia segue a ser a terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 50.199 beneficiarios (o 10,8% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 106.064 e 57.685 beneficiarios, respectivamente. O 38,1% do total de beneficiarios o son de pensións de invalidez, e o restante 61,9%, a pensións de xubilación. Ao igual que o acontecido no ano anterior, o **cadro 4.2.8.** amosa o descenso tanto das pensións de invalidez (representa o 9,6% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 11,7% destas pensións no conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2008 continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2007-08

	Total			Invalidez (1)			Xubilación		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	108.245	106.064	-2,0	46.655	45.882	-1,7	61.590	60.182	-2,3
Aragón	9.163	8.679	-5,3	3.029	2.949	-2,6	6.134	5.730	-6,6
Asturias	10.932	10.526	-3,7	5.257	5.075	-3,5	5.675	5.451	-3,9
Baleares	7.893	7.749	-1,8	3.619	3.554	-1,8	4.274	4.196	-1,8
Canarias	42.219	42.274	0,1	19.560	19.484	-0,4	22.659	22.790	0,6
Cantabria	6.209	6.164	-0,7	3.071	3.053	-0,6	3.138	3.111	-0,9
Castela-A Mancha	22.362	21.709	-2,9	9.000	8.951	-0,5	13.362	12.759	-4,5
Castela e León	26.138	24.772	-5,2	10.847	10.411	-4,0	15.291	14.361	-6,1
Cataluña	58.748	57.685	-1,8	25.476	25.032	-1,7	33.272	32.653	-1,9
C. Valenciana	47.147	46.376	-1,6	20.278	19.720	-2,8	26.869	26.656	-0,8
Extremadura	16.329	15.977	-2,2	6.122	6.124	0,0	10.208	9.853	-3,5
Galicia	51.748	50.199	-3,0	19.862	19.147	-3,6	31.886	31.052	-2,6
Madrid	33.778	33.406	-1,1	13.701	13.533	-1,2	20.078	19.873	-1,0
Murcia	14.737	14.415	-2,2	7.540	7.423	-1,6	7.197	6.992	-2,8
Navarra	2.984	2.876	-3,6	1.000	801	-19,9	1.985	2.075	4,5
País Vasco	9.858	9.658	-2,0	5.382	5.318	-1,2	4.477	4.339	-3,1
A Ríoxa	1.999	1.895	-5,2	829	789	-4,8	1.170	1.105	-5,6
Ceuta e Melilla	4.317	4.299	-0,4	2.212	2.163	-2,2	2.105	2.135	1,4
Total	474.806	464.723	-2,1	203.440	199.409	-2,0	271.370	265.313	-2,2
G/E (%)	10,9	10,8		9,8	9,6		11,8	11,7	

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2007-08 ⁽¹⁾			
2007			
	Galicia	España	
Beneficiarios			
prestación contributiva	47.211	883.028	
subsídio	31.553	420.953	
renta activa de inserción	5.223	63.482	
subsídio eventuales agrarios		171.017	
Total	83.987	1.538.480	
Paro rexistrado	154.982	2.129.547	
Benef.contrib. / paro rex.	30,46	41,47	(%)
Benef.subsid. / paro rex.	20,36	19,77	
2008			
	Galicia	España	
Beneficiarios			
prestación contributiva	73.936	1.508.515	
subsídio	37.125	571.787	
renta activa de inserción	5.438	75.749	
subsídio eventuales agrarios		162.304	
Total	116.499	2.318.355	
Paro rexistrado	189.903	3.128.963	
Benef.contrib. / paro rex.	38,93	65,07	(%)
Benef.subsid. / paro rex.	19,55	24,66	
(1) datos a 31 de decembro de cada ano			
Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal			

4.2.10.

(Lismi) e das pensións asistencias. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.2.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 9,2% respecto a 2007 (217 beneficiarios menos), un punto porcentual inferior ao experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 2.132 beneficiarios (2.349 en 2007), incrementándose lixeiramente a súa importan-

cia relativa no conxunto de España do 4,8% en 2007 ao 4,9% no 2008.

En relación aos beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 4.2.9.** amosa que 2008 presenta unha caída do 25,9% respecto ao número de beneficiarios do ano anterior, pasando de 85 beneficiarios en 2007 aos 63 beneficiarios do ano 2008. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal diminúe levemente do 0,4% no ano 2007 ata o 0,3% no ano 2008.

• Prestacións por desemprego

O número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, aumentou en 2008 en Galicia a un ritmo inferior ao rexistrado no conxunto do Estado. Os perceptores desta prestación aumentaron un 38,8% respecto ao ano precedente (50,7% en España), acadando as 116.499 persoas. Un 63,5% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel contributivo, correspondendo un 31,9%, a beneficiarios de prestacións de nivel asistencial e o 4,7% restante, á renda activa de inserción.

O **cadro 4.2.10.** reflicte un incremento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 30,5% de 2007 ao 38,9% do ano 2008. De xeito contrario, prodúcese un descenso da relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (20,4% no ano 2007 e 19,5% en 2008).

• Renda de integración social

O número total de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2008 situouse nas 4.350 persoas, 172 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior, das que 1.913 persoas perciben o subsidio básico e 1.642 beneficiarios o devandito subsidio básico máis un complemento familiar e/ou un complemento de inserción (795 persoas reciben outro tipo de subsidios ou complementos). Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no último ano a 13.050 galegos.

No que ao perfil xeral dos perceptores da Risga en 2008, o informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que este é o de “unha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares que vive en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudos é de primarios incompletos e atópase parada aínda que non en busca do seu primeiro emprego”, sendo este perfil igual ao existente no ano anterior.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (65,4% dos beneficiarios), da residencia en núcleos de máis de 50.000 habitantes (o 48,7%), e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (30%). En xeral, o nivel de estudos destes perceptores é moi baixo, xa que un 51,6% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 36,9% estudos primarios e un 3,5% carecen de estudos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientar o desemprego (o 95% dos perceptores), acadando un 87,1% as persoas beneficiarias da Risga son persoas paradas que traballaron algunha vez.

O **cadro 4.2.11.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.621,4 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiarios ascendeu a 372,7euros (359,9 euros no ano anterior).

Das 2.985 solicitudes a resolver no último ano (317 pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.293 solicitudes (1.712 estimadas e 581 denegadas), manténdoo-

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2008: beneficiarios e pagos

	Beneficiarios		Importe total pagado (1)		Importe medio (1)	
	Risga	AES	Risga	AES	Risga	AES
	(en €)					
A Coruña	1.717	473	651.443,5	565.125,2	379,41	1.194,77
Lugo	405	323	146.761,7	493.495,4	362,37	1.527,85
Ourense	658	349	238.168,9	628.446,6	361,96	1.800,71
Pontevedra	1.570	1.027	585.012,9	1.089.129,8	372,62	1.060,50
Total	4.350	2.172	1.621.387,0	2.776.197,0	372,73	1.278,18

(1) mes de decembro

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

4.2.11.**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2008: solicitudes**

	2007			2008		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
Solicitudes a resolver	5.875	2.564	3.311	6.682	2.985	3.697
presentadas no ano	5.214	2.207	3.007	5.969	2.668	3.301
pendentes do ano anterior	661	357	304	713	317	396
Solicitudes resoltas	4.856	2.065	2.791	5.340	2.293	3.047
estimadas	3.688	1.614	2.074	3.884	1.712	2.172
desestimadas	1.168	451	717	1.456	581	875
Solicitudes present. / resoltas (%)	82,7	80,5	84,3	79,9	76,8	82,4

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

4.2.12.**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2008: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais**

	Risga		AES		Total	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008
A Coruña	937	1.146	851	913	1.788	2.059
Lugo	229	279	386	426	615	705
Ourense	254	325	520	482	774	807
Pontevedra	787	918	1.250	1.480	2.037	2.398
Total	2.207	2.668	3.007	3.301	5.214	5.969

Fonte: Dirección Xeral de Acción Social

4.2.13.

se a porcentaxe de resolución de solicitudes no 76,8%, esta porcentaxe diminuíu en 3,7 puntos porcentuais en relación co ano 2007 (**cadro 4.2.12.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, máis da metade (52,7%) foron de tipo mixto, é dicir, que conlevan accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 23,7% inciden en proxectos prelaborais, ou deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 6,32% en proxectos sociofamiliares.

En canto ás **axudas de emerxencia social**, concedéronse un total de 2.172 AES, o que implicou un gasto de 2.776,2 miles de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.278,2 euros, oscilando o mesmo entre os 1.060,5 euros de Pontevedra e os 1.800,7 euros de Ourense.

No último ano houbo un total de 3.697 solicitudes de AES a resolver (396 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 3.047 solicitudes (2.172 estimadas e 875 denegadas). De igual xeito que sucede no caso da Risga, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 1,9 puntos porcentuais, acadando en 2008 o 82,4%.

Das 2.172 axudas concedidas ao longo do ano 2008, o 46,9% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 22,3% a cubrir gastos de equipamento básico da vivenda, e o 21,6% para gastos da vivenda habitual.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que case un 57% reside en núcleos de máis de 50.000 habitantes, o predominio do sexo feminino (o 66,8% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 25 e 45 anos (52,1% dos perceptores). No relativo á súa situación laboral, un 55,7% corresponde a parados que nalgún momento da súa traballaron e un 34,2% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 66%) seguido da vivenda unifamiliar (21,6%). Un 53,2% dos beneficiarios residen en vivenda alugada e un 21,9% reside en vivenda propia, dos que a maior parte teñen aboada a referida vivenda. O 53,4% dos beneficiarios das axudas ten os estudos primarios incompletos e o 36,3% estudos primarios rematados. ■

4.3.- Prestacións sanitarias e sociais

Un elemento a destacar no ámbito sanitario de Galicia é a entrada en vigor da Lei de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, de 10 de xuño), que ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde, mediante a ordenación do Sistema de Saúde de Galicia, que comprende os sectores sanitarios público e privado, e a regulación do Sistema Público de Saúde de Galicia e mais dos dereitos e dos deberes sanitarios da cidadanía galega, así como dos instrumentos que garanten o seu cumprimento.

No ámbito normativo, compre tamén salientar a implantación da receita electrónica, regulado polo Decreto 206/2008, de 28 de agosto, que establece os procedementos e requisitos de prescripción e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios mediante a mesma.

A estrutura poboacional é un elemento condicionante da evolución e situación actual das prestacións sanitarias e sociais. Dunha banda, cómpre salientar que 21,7% da poboación galega a un de xaneiro de 2008 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 16,5%. Tendo en conta este maior peso relativo, os datos do **cadro 4.3.1** reflicten uns índices de envellecemento e sobreenvellacemento superiores aos da media española. O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (32,7% fronte aos 24,3% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase case cinco puntos por baixo (23,9% en Galicia e 28,7% en España).

Os presupostos da Xunta do ano 2008 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 6.183,8 millóns de euros, un 6,9% máis que no ano anterior. As partidas máis importantes foron as de sanidade, que tras unha medra do 7,4% acadou os 3.439,9 millóns de euros, e a de educación, con 2.304,5 millóns de euros, un 6,6% máis que en 2007.

Prestacións sanitarias

A primeira parte do capítulo comeza coa presentación dos dous principais indicadores de saúde, morbilidade e siniestrabilidade, para pasar a continuación ao estudo das prestacións sanitarias do Sergas e ao das prestacións farmacéuticas.

• Indicadores de saúde

O importe presupostado para o programa de protección e promoción da saúde rexistrou unha medra do 9,2% sobre o presupostado en 2007, dedicándose un total de 36.143,3 miles de euros. O 34,6% diríxese ao Programa galego de vacinacións (12.522,1 miles de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o de “Loita contra as drogodependencias”, que tras unha medra do 9%, acolle o 13,1% do presupostado (4.720,4 miles de euros).

- Morbilidade

Os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican o descenso do número de casos de gripe. Estes descendéron en 491 casos, acadando os 81.788 (2.938,7 casos por cada 100.000 habitantes). No que respecta á tota-

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2007-08 ⁽¹⁾

		2007		2008	
		Galicia	España	Galicia	España
Poboación					
total	[1]	2.772.534	45.200.737	2.784.169	46.157.822
menor de 16 anos	[2]	337.329	6.927.730	338.550	7.113.961
menor de 20 anos	[3]	442.378	8.811.709	440.924	9.010.393
entre 16 e 64 anos	[4]	1.836.922	30.741.181	1.842.757	31.410.936
maior de 65 anos	[5]	598.283	7.531.826	602.862	7.632.925
85 e máis anos	[6]	79.631	885.481	83.479	938.040
Índices					
vellez	[5] / [1]	21,6	16,7	21,7	16,5
envellecemento	[5] / [3]	135,2	85,5	136,7	84,7
sobreenvellecemento	[6] / [5]	13,3	11,8	13,8	12,3
dependencia xeral	[(2)+(5)] / [4]	50,9	47,0	51,1	46,9
dependencia xuvenil	[3] / [4]	24,1	28,7	23,9	28,7
dependencia senil	[5] / [4]	32,6	24,5	32,7	24,3
de recambio	[2] / [5]	56,4	92,0	56,2	93,2

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE

4.3.1.

Producción de bens públicos de carácter social 2007-08

	2007	2008	08/07
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	3.201.455	3.439.957	7,4
Educación	2.161.491	2.304.468	6,6
Cultura	140.780	146.854	4,3
Deportes	38.355	41.944	-
Vivenda	113.658	114.758	1,0
Outros servizos comunitarios e sociais	129.229	135.786	-
Total	5.784.968	6.183.767	6,9

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.3.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2007-08

	2007	2008	08/07
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	4.330,6	4.720,4	9,0
Promoción de estilos de vida saudables	1.350,9	2.568,5	90,1
Seguridade alimentaria	935,8	770,8	-17,6
Sanidade ambiental	625,8	868,7	38,8
Epidemioloxía	790,6	767,3	-3,0
Coordinación e calidade da saúde pública	450,0	472,5	5,0
Actuacións laboratorios saúde pública	-	615,8	-
Planificación, estratexia e avaliación saúde pública	-	327,0	-
Prevención e control de enfermidades transmisibles	3.281,0	2.653,2	-19,1
Programa galego de vacinacións	12.661,2	12.522,1	-1,1
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	2.234,8	2.793,6	25,0
Programas sanitarios	1.738,6	1.738,6	0,0
Equipamento informático saúde pública	1.350,0	1.783,4	32,1
Programas poboacionais de cribado	3.359,2	3.541,4	5,4
Total	33.108,6	36.143,3	9,2

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.3.3.

Enfermedades de declaración obligatoria 2007-08

	2007		2008	
	número de casos	taxa/ 100.000 habs. (1)	número de casos	taxa/ 100.000 habs.
Enfermedades de transmisión respiratoria				
Gripe	82.279	2.967,6	81.788	2.938,7
Varicela	7.528	271,5	7.139	256,5
Lexionelose	45	1,6	55	2,0
Enf. meningocócica	70	2,5	67	2,4
Enf. invasiva por Hib.	7	0,3	4	0,1
Outras				
Meninxites víricas	175	6,3	177	6,4
F. Botanosa	5	0,2	5	0,2
Enfermedades de transmisión alimentos				
Toxinfeccións alimentarias	293	10,6	288	10,3
Disenteria bacilar	4	0,1	138	5,0
F. tifoidea e paratifoidea	6	0,2	2	0,1
Enfermedades prevenibles inmunización				
Parotidite	234	8,4	160	5,7
Rubéola	2	0,1	2	0,1
Tétano	1	0,0	2	0,1
Tose ferina	4	0,1	10	0,4
Hepatite A	5	0,2	40	1,4
Hepatite B	36	1,3	61	2,2
Outras hepatites víricas	68	2,5	59	2,1
Enfermedades transmisión sexual				
Infección gonocócica	96	3,5	88	3,2
Sífilis	131	4,7	116	4,2
Antropozoonoses				
Brucelose	3	0,1	2	0,1
Vixiadas pola OMS				
Paludismo	2	0,1	9	0,3

(1) datos do Padrón de habitantes, a 1 de xaneiro de cada ano
 Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

4.3.4.

lidade de enfermidades de transmisión respiratoria de declaración obligatoria, destacar, o descenso que se produce en todas elas, agás na lexiionelose.

Asemade, cómpre salientar o descenso dos casos de varicela, con 389 casos menos que en 2007, e de parotidite, con 74 casos menos que no ano anterior. A varicela sitúase como a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos, con 7.139, presentando unha incidencia de 256,5 casos por cada cen mil habitantes no ano 2008. En canto á parotidite, rexistráronse un total de 160 casos, situándose a

súa incidencia nos 5,7 casos por cada 100.000 persoas (**cadro 4.3.4.**).

Salientable é tamén o incremento de casos de hepatite A e B no ano 2008 en relación ao ano anterior, pasando de 5 e 36 casos a 40 e 61 casos respectivamente

Un total de 83 novos casos de sida foron notificados en 2008, doce menos que no ano anterior, quedando estabilizada a incidencia anual de casos de sida en menos de 50 casos por millón de habitantes desde o ano 2001.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2007-08

	2007		2008	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
373 Parto sen complicacións	9.510	3,09	10.026	2,94
541 Trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior	7.511	11,59	7.567	11,43
87 Edema pulmonar e insuficiencia respiratorio	4.907	9,41	4.705	9,13
372 Parto con complicacións	3.900	3,55	4.614	3,37
127 Insuficiencia cardíaca e choque	4.353	9,63	4.508	9,56
886 Outros diagnósticos anteparto sen procedemento cirúrxico	-	-	4.357	2,49
371 Cesárea sen complicacións	3.354	6,86	3.221	6,46
14 Ictus con infarto	2.810	13,38	3.059	12,72
359 Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.371	5,17	2.950	5,23
544 ICC e arritmia cardíaca con cc maior	2.400	12,45	2.479	12,16
88 Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	2.347	9,31	2.366	8,74
162 Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.308	2,62	2.331	2,45
381 Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.794	2,01	2.312	2,05
818 Substitución de cadeira agás por complicacións	2.339	12,44	2.216	12,16
430 Psicose	2.112	22,20	2.102	22,70
167 Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.144	4,05	1.908	4,02
494 Colectomía laparoscópica sen explorac. conducto biliar sen cc	1.657	4,60	1.891	4,61
410 Quimioterapia	1.576	4,07	1.888	4,10
101 Outros diagnósticos de aparello respiratorio con cc	1.599	9,94	1.846	9,17
102 Outros diagnósticos de aparello respiratorio sen cc	1.677	7,17	1.786	6,76
89 Neumonía simple e pleurite idade >17 con cc	1.652	10,15	1.780	10,20
209 Subst. Articula. Maior agás cadeira e reimplante memb. Inf.; exc. por cc	-	-	1.611	11,88
208 Trastornos do trato biliar sen cc	1.576	8,61	1.610	8,07
55 Procedementos miscelaneos sobre oído, nariz, boca e gorxa	1.623	2,50	1.594	2,50
158 Procedementos sobre ano e enterostomía sen cc	-	-	1.551	3,25
383 Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.867	3,05	-	-
384 Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	2.145	2,56	-	-
140 Anxina de peito	1.647	8,07	-	-
Subtotal	74.179	7,39	76.278	7,24

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

(2) inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: Sergas

4.3.5.

Tendo en conta os datos acumulados a 31 de decembro de 2008, a vía de transmisión máis frecuente é a de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (64%), e en segundo lugar sitúanse os casos en relación coas prácticas heterosexuais non protexidas, que presentan o 21% dos casos.

No que atinxe á morbilidade hospitalaria, a agrupación das altas hospitalarias en función da súa complexidade (GRD) constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitaliza-

ción de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 10.026 e 7.567 episodios, respectivamente. As súas estadías medias foron similares ás do ano anterior, con de 2,94 e 11,43 días (cadro 4.3.5.).

- Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2007-08

	2007	2008	08/07 (%)
Andalucía	475	378	-25,7
Aragón	136	113	-20,4
Asturias	50	45	-11,1
Baleares	78	57	-36,8
Canarias	95	58	-63,8
Cantabria	32	19	-68,4
Castela-A Mancha	236	188	-25,5
Castela e León	304	234	-29,9
Cataluña	333	287	-16,0
C. Valenciana	257	221	-16,3
Extremadura	93	85	-9,4
Galicia	254	194	-30,9
Madrid	160	107	-49,5
Murcia	93	65	-43,1
Navarra	37	35	-5,7
País Vasco	70	69	-1,4
A Ríoxa	38	26	-46,2
Total	2.741	2.181	-25,7

Fonte: Dirección General de Tráfico

4.3.6.

accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.3.6.** amosa unha nova redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 194 persoas falecidas (o 8,9% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas tras Andalucía, Cataluña, Castela e León e a C. Valenciana.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.2.7.** [Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2007-08: distribución segundo a gravidade, provincias e sector económico] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia decreceu no último ano ata situarse nos 50.399 accidentes (un 2,8 % menos que en 2007).

O 71% destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (18.314 accidentes) e nas ramas industriais (17.466 accidentes); un 23,1% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (11.657), e o 5,9% restante (2.962 accidentes), no sector primario. A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2008 corresponderon a accidentes leves (49.626 accidentes), mentres que tan só un 1,5% (773 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 57 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (cinco con cinco accidentes máis que a media en España), converténdose na cuarta C.A. co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, en

Camas funcionantes nos hospitais do Sergas 2007-08

Hospitais	2007	2008
C.H. Universitario A Coruña	1.464	1.445
F.H. Virxe da Xunqueira	74	74
C.H. Universitario de Santiago	1.128	1.125
F.H. da Barbanza	88	80
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	403	413
C.H. Xeral-Calde	735	740
H.C. da Costa	140	140
H.C. de Monforte	139	137
C.H. Ourense	819	829
H.C. de Valdeorras	103	102
F.H. de Verín	79	79
C.H. Pontevedra	615	620
C. H. Universitario de Vigo	1.250	1.208
F.H. Salnés	87	87
Total	7.124	7.079

Fonte: Sergas

4.3.7.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2007-08

	2007			2008		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	75.086	61.335	13.751	77.777	64.202	13.575
Lugo	22.934	17.400	5.534	24.036	18.390	5.646
Ourense	19.124	13.874	5.250	19.343	14.608	4.735
Pontevedra	51.529	38.740	12.789	54.346	42.060	12.286
Total	168.673	131.349	37.324	175.502	139.260	36.242

Fonte: Sergas

4.3.8.

Galicia rexistráronse un total de 8,3 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (5,2 no conxunto do Estado), estando tan só por baixo do acadado en Castela-León e Melilla.

• **Prestacións do Servizo Galego de Saúde (Sergas)**

Analizados os aspectos orzamentarios e os progra-

mas de gastos do Sergas, neste apartado farase referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas, así como á actividade cirúrxica.

O **cadro 4.3.7.** amosa que os hospitais do Sergas contaban no último ano cun total de 7.079 camas funcionantes, cifra lixeiramente por baixo da rexistrada en 2007, que ascendía a 7.124 camas.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2007-08

	2007	2008	08/07 (%)
Doantes de órganos	81	81	0,0
Transplantes de órganos	246	267	8,5
renal	96	120	25,0
hepático	89	78	-12,4
cardíaco	21	24	14,3
pulmonar	35	40	14,3
de páncreas	5	5	0,0
Transplantes de tecidos	925	969	4,8
proxenitores hematopoéticos	105	118	12,4
córneas	129	143	10,9
óseo e osteotendinoso	603	608	0,8
segmentos vasculares	13	17	30,8
válvulas cardíacas	17	16	-5,9
cultivo condrocitos	5	3	0,0
membrana amniótica	53	64	20,8

Fonte: Sergas, Oficina de Coordinación de Transplantes

4.3.9.

Os hospitais do Sergas rexistraron en 2008, a diferenza do acontecido no ano anterior, un aumento do número de intervencións realizadas. No último ano fixéronse un total de 175.502 intervencións (6.829 máis que no ano anterior), das que o 79,3% (139.260 intervencións) son programadas e as restantes 36.242 son intervencións urxentes.

Todas as provincias galegas, rexistraron un aumento do número de intervencións realizadas. A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 77.777, o 44,3% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 54.346 intervencións (un 31%).

Segundo os datos publicados polo Sergas, o ano 2008 presenta un descenso tanto do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica como da súa demora media. A 31 de decembro de 2008 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 32.122

persoas, sendo a súa demora media de 70 días (84 días na mesma data do ano anterior). No último ano, un total de 24.043 persoas tiveron unha demora media inferior a tres meses, mentres que entre tres e seis meses esperan un total de 6.385 persoas, sendo a demora media superior a seis meses para 1.694 pacientes.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que un total de 207.047 pacientes atópanse en cola de programación de consultas médicas iniciais, sendo a súa demora media de 65 días (71 días en 2007).

• Transplantes e doazóns

O número de transplantes de órganos en Galicia incrementouse un 8,5% ao longo do ano 2008, acadando os 267 transplantes (21 máis que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos trans-

Prestación farmacéutica 2007-08: custo

	2007	2008	08/07
	(en miles de €)		(%)
Receta médica oficial	813.587,6	869.441,3	6,9
Hospitals	230.322,9	261.820,3	13,7
Total	1.043.910,5	1.131.261,6	8,4

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

4.3.10.

plantes de ril (120) e fígado (78), realizándose 40 de pulmón, 24 de corazón e 5 de páncreas.

Tralo descenso experimentado en 2007, o número de transplantes de tecidos aumentou de novo no último ano ata os 969, un 4,8% máis que no ano anterior. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 608, e os transplantes de córneas, con 143 (**cadro 4.3.9.**).

En canto ás doazóns, no ano 2008 o número de doazóns foi de 81, o mesmo que o ano anterior.

• **Prestacións farmacéuticas**

O custo da prestación farmacéutica medrou en 2008 un 8,4% respecto ao ano anterior, acadando os 1.131,3 millóns de euros. A meirande parte do gasto corresponde á receta médica oficial, con 869,4 millóns de euros (un 6,9% máis que en 2007), e os 261,8 millóns restantes (un 13,7% máis), ao custo nos hospitais (**cadro 4.3.10.**).

No concernente á prestación farmacéutica en atención primaria, o custo da prestación por cidadán, sen

incluír o desconto RD 2.402/2004, medrou no último ano un 6,8% respecto ao ano anterior, acadando os 334,3 euros en 2008. O gasto farmacéutico medio por pensionista experimentou un crecemento do 6,8%, en relación ao 2007, situándose nos 873,46 euros.

O número de receitas dispensadas ascendeu no último ano a 60.118 miles de receitas, das que as persoas pensionistas facturaron un total de 44.015 miles de receitas. O custo medio por receita en Galicia, sitúase nos 15,23 euros do ano 2008 fronte aos 14,95 euros do ano anterior.

Atendendo á desagregación do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 4.3.12.** reflicte que é a A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 333,3 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 272,5 millóns. Tendo en conta o número de receitas, o custo da prestación farmacéutica por receita, incluíndo o desconto RD 2.402/2004, foi de 14,46 euros en Galicia (14,24 euros en 2007). As provincias de Lugo e Ourense seguen sendo as que presentan os custos máis elevados, con 14,87 e 14,84

Prestación farmacéutica en atención primaria 2007-08

		2007	2008	08/07
				(%)
Receitas dispensadas	(en miles)	57.153	60.118	5,2
Activos		15.564	16.103	3,5
Pensionistas		41.589	44.015	5,8
Custo por receita (1)		14,95	15,23	1,9
Activos		10,78	11,06	2,6
Pensionistas		16,51	16,76	1,5
Custo/cidadán da prestación (1)	(en €)	312,89	334,30	6,8
Activos		88,71	93,99	6,0
Pensionistas		817,99	873,46	6,8
Custo da prestación farmacéutica (1)	(en millóns de €)	854,6	915,8	7,2
Activos		167,8	178,1	6,1
Pensionistas		686,8	737,7	7,4

(1) non se inclúe o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

4.3.11.**Prestación farmacéutica en receita médica oficial 2007-08: custo**

	Gasto (1)			Receitas			Gasto/receita		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en miles de €)		(%)			(%)	(en €)		(%)
A Coruña	311.189,3	333.262,6	7,1	22.432.527	23.692.010	5,6	13,87	14,07	1,4
Lugo	127.441,3	135.707,2	6,5	8.688.211	9.125.164	5,0	14,67	14,87	1,4
Ourense	120.677,2	127.951,8	6,0	8.283.039	8.622.832	4,1	14,57	14,84	1,8
Pontevedra	254.279,9	272.519,8	7,2	17.749.195	18.677.981	5,2	14,33	14,59	1,8
Total	813.587,7	869.441,3	6,9	57.152.972	60.117.987	5,2	14,24	14,46	1,6

(1) inclúese o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

4.3.12.**Prestación farmacéutica en hospitais 2007-08: custo**

	2007	2008	08/07
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	61,2	63,0	3,0
Pacientes non hospitalizados	169,2	198,8	17,5
Total	230,3	261,8	13,7

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

4.3.13.

euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 14,59 euros, e en A Coruña, a 14,07 euros.

Respecto ao custo da prestación farmacéutica en hospitais, dos 261,8 millóns de euros totais, o 76% (198,8 millóns) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 24% restante, 63 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o cadro 4.3.13. amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou máis dun 17%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu custo ascendeu un 3%.

Prestacións sociais

Un dos aspectos máis salientables do sistema de protección social en 2008 ven dado pola entrada en vigor da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular como servizo público, os servizos sociais en Galicia, para a construción do sistema galego de benestar. Mediante esta lei, garántese como recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades. Por último, tamén é obxecto da citada lei, posibilitar a coordinación do sistema galego de servizos sociais cos demais elementos do sistema galego de benestar e coas políticas públicas sectoriais que incidan sectorial ou transversalmente na mellorar do benestar da cidadanía galega.

No que respecta ao Sistema de Autonomía e Atención

á Dependencia, o Real Decreto 504/2007, de 20 de abril aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, e establece tres grados de dependencia, divididos en dous niveis segundo a autonomía e atención e coidado que require a persoa: Grado I de dependencia moderada, se ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal; Grado II de dependencia severa, se ten necesidade de apoio extenso para a súa autonomía persoal, e Grado III de gran dependencia, se pola súa perda de total autonomía necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado par a súa autonomía persoal.

Tal como se mostra no **cadro 4.3.14.**, a 31 de decembro de 2008, se tiña presentado un total de 27.227 solicitudes recoñecidas do grado III. Galicia é a terceira Comunidade Autónoma en canto a volume de solicitudes de dependencia presentadas, acadando o 7% do total estatal, por detrás de Andalucía e Cataluña co 32,2% e o 13,6% do total estatal respectivamente.

O total de beneficiarios con dereito a prestación é en Galicia de 32.430 persoas, o 76,5% dos ditames emitidos, acollendo o 7,3% dos beneficiarios totais do Estado. O 34,8% das prestacións recoñecidas están destinadas a "P.E. cuidados familiares" (12.468 beneficiarios) e o 9,3%, a atención residencial (3.005 beneficiarios).

O **cadro 4.3.16.** amosa que en 2008 había un total de 1.128 centros prestadores de servizos sociais, dos que 543 corresponden a centros para a familia (462 cen-

Valoracións e ditames da situación de dependencia nas CC.AA. a 31-12-2008

	Solicitudes		Valoracións realizadas		Ditames		Grado III		Grado II		Total beneficiarios con dereito a prestación	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)
Andalucía	233.521	32,2	189.963	81,3	174.903	74,9	98.123	56,1	21.175	12,1	119.298	68,2
Aragón	28.342	3,9	24.662	87,0	25.432	89,7	15.359	60,4	2.657	10,4	18.016	70,8
Asturias	23.837	3,3	19.924	83,6	17.115	71,8	10.611	62,0	1.753	10,2	12.364	72,2
Baleares	15.954	2,2	12.597	79,0	9.266	58,1	5.336	57,6	1.184	12,8	6.520	70,4
Canarias	19.776	2,7	13.634	68,9	10.104	51,1	6.980	69,1	1.110	11,0	8.090	80,1
Cantabria	12.979	1,8	12.524	96,5	12.524	96,5	6.549	52,3	1.549	12,4	8.098	64,7
Castela e León	33.510	4,6	33.057	98,6	33.057	98,6	20.995	63,5	3.953	12,0	24.948	75,5
Castela-A Mancha	46.081	6,4	38.629	83,8	35.126	76,2	21.432	61,0	4.094	11,7	25.526	72,7
Cataluña	98.987	13,6	96.191	97,2	96.191	97,2	63.843	66,4	11.093	11,5	74.936	77,9
C. Valenciana	34.248	4,7	29.271	85,5	29.271	85,5	22.028	75,3	3.709	12,7	25.737	87,9
Extremadura	25.351	3,5	19.160	75,6	15.992	63,1	8.810	55,1	1.582	9,9	10.392	65,0
Galicia	50.477	7,0	42.419	84,0	42.419	84,0	27.227	64,2	5.203	12,3	32.430	76,5
Madrid	33.508	4,6	33.501	100,0	33.501	100,0	20.935	62,5	7.924	23,7	28.859	86,1
Murcia	16.173	2,2	16.160	99,9	16.160	99,9	13.309	82,4	2.851	17,6	16.160	100,0
Navarra	17.405	2,4	10.042	57,7	13.549	77,8	4.432	32,7	1.604	11,8	6.036	44,5
País Vasco	25.154	3,5	21.631	86,0	21.631	86,0	18.007	83,2	3.624	16,8	21.631	100,0
A Ríoxa	7.768	1,1	7.078	91,1	7.276	93,7	4.548	62,5	849	11,7	5.397	74,2
Ceuta e Melilla	2.340	0,3	2.102	89,8	2.237	95,6	884	39,5	293	13,1	1.177	52,6
Total	725.411	100	622.545	85,8	595.754	82,1	369.408	62,0	76.207	12,8	445.615	74,8

Fonte: IMSERSO

4.3.14.

tros de atención á infancia, 79 centros de menores e 2 residencias de tempo libre), 15 a centros para a atención ás mulleres, 31 centros para a xuventude, 113 centros de persoas con discapacidade e 409 centros para maiores.

• **Servizos de asistencia a maiores**

Un aspecto importante en relación ás prestacións sociais é a consideración da atención ás persoas maiores dependentes. En termos relativos, os datos do Padrón municipal de habitantes amosan que Galicia acolle o 7,9% das persoas maiores de 65 anos en España e o 8,8% das persoas maiores de 85 anos.

En 2008 había en Galicia un total de 409 centros para maiores, que ofertaban 21.575 prazas. Tendo en conta

que a poboación maior de 65 anos supera as 611.000 persoas (21,9% da poboación galega), o índice de cobertura do conxunto de servizos de asistencia a maiores situouse en 3,53 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos.

Na provincia de Ourense este índice situouse no 4,86, sendo o máis baixo o de A Coruña, con 3,28. En Lugo e Pontevedra esta ratio acadaba uns valores de 3,52 e 3,29 prazas, respectivamente.

• **Garderías**

O número total de centros con permiso de inicio en 2008 ascendeu a 407, acadando as prazas potenciais as 21.550, o que implica un total de 52,9 prazas por centro. Os datos do **cadro 4.3.15.** amosan que as 249

Centros de servizos sociais 2008 ⁽¹⁾

	Total		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	prazas	número	prazas	número	prazas	número	prazas	número	prazas
Centros de atención á infancia	462	22.593	194	9.592	55	2.241	57	2.277	156	8.483
Centros de menores	79	1.565	18	375	15	370	16	283	30	537
Centros de maiores	409	21.575	136	7.737	65	3.471	104	4.651	104	5.716
Centros de persoas con discapacidade	113	6.556	46	3.672	18	778	20	911	29	1.195
Residencias de tempo libre	2	-	-	-	-	-	1	-	1	-
Centros de atención ás mulleres	15	-	7	-	1	-	1	-	6	-
Centros para a xuventude	31	879	12	320	10	415	1	-	8	144
Oficiñas de igualdade e benestar	17	-	5	-	4	-	3	-	5	-
Total	1.128	53.168	418	21.696	168	7.275	203	8.122	339	16.075

(1) centros con permiso de inicio de actividades a 31 de decembro
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.15.
Centros de atención á infancia 2007-2008 ⁽¹⁾

2007					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros con permiso de inicio	411	193	40	42	136
Públicos	135	62	21	12	40
Privados	276	131	19	30	96
Prazas teóricas	13.147	5.946	1.310	1.016	4.875
Públicos	6.383	3.309	876	396	1.802
Privados	6.764	2.637	434	620	3.073
Prazas / Centros	32	31	33	24	36
Públicos	47	53	42	33	45
Privados	25	20	23	21	32
2008					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros con permiso de inicio	407	181	41	43	142
Públicos	158	71	22	14	51
Privados	249	110	19	29	91
Prazas teóricas	21.550	9.472	1.971	1.997	8.110
Públicos	9.835	4.660	1.174	867	3.134
Privados	11.715	4.812	797	1.130	4.976
Prazas / Centros	53	52	48	46	57
Públicos	62	66	53	62	61
Privados	47	44	42	39	55

(1) garderías con permiso de inicio de actividade a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.16.

entidades de iniciativa privada ofertan 11.715 prazas, o 54,4% das prazas nas garderías galegas, e os 158 centros públicos ofertan 9.835 prazas.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar o importante crecemento rexistrado nas prazas das garderías tanto públicas como privadas. En 2008 hai 4 centros con permiso de inicio menos que en 2007, medrando sen embargo o número de prazas en 8.403, un 63,9% máis que no ano precedente.

Atendendo á ratio prazas ofertadas por centro, as entidades de iniciativa privada acollen un total de 53 prazas, en tanto que os centros de titularidade pública ofertan 62 prazas por centro. ■

4.4.- Educación

En liña cos obxectivos da Axenda de Lisboa, os orzamentos da Xunta presentan entre as súas prioridades unha especial atención á educación e á formación de capital humano. No exercicio 2008 o orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria medrou un 6,8%, acadando os 2.287,4 millóns de euros, o que supón o 19,8% do presuposto da Comunidade autónoma. Os principais ámbitos de actuación en materia educativa son os da educación infantil primaria e ESO e formación e cualificación profesional, que acollen case o setenta por cento do orzamento da Consellería. Por outro lado, os programas destinados ao ensino universitario acollen o 16,4% do presuposto.

O obxectivo deste capítulo é presentar tanto os principais datos do ensino de réxime xeral como os do ensino universitario. No curso 2008-09 continuou o descenso do número de alumnos tanto no conxunto de centros non universitarios de réxime xeral coma nas tres universidades galegas.

Ensino de réxime xeral

Galicia experimenta no último curso lectivo un descenso do número de centros e alumnos. Nos centros de ensino de réxime xeral o número de alumnos matriculados foi de 362.838, un 0,2% menos que no curso anterior. O número de profesores nos centros galegos medrou no último ano un 2%, acadando os 37.163 profesores.

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, os datos do **cadro 4.4.2.** indican que 8,5 de

cada dez centros escolares son públicos. A estes centros públicos asisten en Galicia o 72,4% dos alumnos e imparten clase o 79,7% dos profesores.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso descende a ratio alumno/profesor, que acada os 9,8 alumnos en Galicia (10 alumnos no curso anterior), sendo esta relación de 8,9 alumnos nos centros públicos e de 13,2 nos centros privados.

No que atinxe aos diferentes niveles educativos, continúa a medra do alumnado nos centros de educación infantil, que acadan os 64.339 alumnos no curso 2008/09 como nos de educación primaria, con 126.436 alumnos. Tanto nun caso como noutro, aproximadamente o 68% dos alumnos acude aos centros públicos de ensino. No bacharelato para adultos, nos ciclos formativos ordinarios e nos programas de garantía recíproca, medra lixeiramente tamén o número de alumnos matriculados no curso 2008/09.

Nas outras etapas de escolarización experimentase un descenso do alumnado, salientando os rexistrados nos centros da ESO, con 3.113 persoas menos (un 3,3%), e no bacharelato ordinario (504 alumnos menos), así como nas ensinanzas básicas iniciais adultos, na educación secundaria para adultos e nos ciclos formativos para adultos nos que, de forma conxunta, descende o número de alumnos matriculados en 1.695 persoas.

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores relativos ao nivel formativo acadado

Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2008: distribución segundo programas e capítulos

	Capítulos						Total
	I	II	III	IV	VI	VII	
	(en miles de €)						
151A Fomento da lingua galega		60,0	-	50,0	-	-	110,0
421A Dirección e servizos xerais de educación	23.584,0	3.204,6	-	164,0	170,0	-	27.122,6
422A Educación infantil, primaria e ESO	561.263,0	13.940,7	-	223.103,5	30.689,7	-	828.996,9
422C Ensinanzas universitarias	-	314,6	-	336.617,2	4.150,0	33.560,2	374.642,0
422D Educación especial	16.216,8	750,0	-	10.700,0	300,0	-	27.966,8
422E Ensinanzas artísticas	23.716,6	1.671,2	-	994,0	6.403,4	-	32.785,2
422G Ensinanzas especiais	12.920,6	881,0	-	167,5	170,0	-	14.139,1
422H Outras ensinanzas	-	305,0	-	554,5	500,0	-	1.359,5
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	-	496,3	-	100,0	3.201,2	-	3.797,5
422M Formación e cualificación profesional	653.326,7	41.715,4	6,0	17.425,9	46.663,9	1.083,3	760.221,2
423A Servizos e axudas complementarias da enseñanza	14.249,6	145.011,2	-	2.296,6	3.320,0	22.808,9	187.686,3
423B Prevención do abandono escolar	16.871,9	30,5	-	5.814,1	1.250,0	1.000,0	24.966,5
581A Elaboración e difusión estatística	-	-	-	-	13,0	-	13,0
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento	-	-	-	-	3.627,3	-	3.627,3
Total	1.322.149,2	208.380,5	6,0	597.987,3	100.458,5	58.452,4	2.287.433,9

Fonte: Xunta, Orzamentos xerais da C.A.

4.4.1.

Centros docentes en funcionamento 2007-2008: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	curso 2007-2008			curso 2008-2009		
	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados	Total
Ed. Infantil (1)	198	19	217	187	17	204
Ed. Primaria (2)	657	26	683	653	25	678
Primaria e ESO (2)	82	100	182	71	100	171
ESO e/ou Bacharelato e/ou FP	283	66	349	283	64	347
Ed. Primaria, ESO e Bacharelato e/ou FP (2)	1	68	69	-	68	68
Outros EE. Réxime Xeral (3)	-	-	-	-	1	1
Centros específicos de adultos	11	1	12	11	-	11
Total	1.232	280	1.512	1.205	275	1.480

(1) imparten exclusivamente E. Infantil - 2º ciclo

(2) tamén poden impartir E. Infantil - 2º ciclo

(3) refírese a un centro que imparte ed. Infantil (2º ciclo), ed. Primaria e ciclos formativos ordinarios

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.2.

Alumnado matriculado 2007-2008: distribución segundo ensino e titularidade do centro

	Curso 2007-2008			Curso 2008-2009		
	Centros Públicos	Centros Privados		Centros Públicos	Centros Privados	
		Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas		Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Bacharelato Adultos	5.714	-	16	5.730	-	9
Bacharelato Ordinario	26.859	-	5.903	32.762	-	5.733
Ciclos Formativos Adultos	3.701	-	-	3.701	-	-
Ciclos Formativos Ordinarios	22.885	3.805	1.721	28.411	3.555	1.905
Ed. Infantil	42.175	18.586	1.725	62.486	43.906	18.816
Ed. Primaria	85.488	37.072	2.392	124.952	86.703	37.204
Ed. Secundaria - Adultos	7.430	-	267	7.697	5.992	195
Ensinanzas básicas iniciais - Adultos	1.079	-	17	1.096	1.018	21
ESO	66.116	26.747	2.075	94.938	63.707	25.790
PGS	1.565	324	22	1.911	1.833	289
Total	263.012	86.534	14.138	363.684	262.792	85.654

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.3.

Profesorado nos centros de réxime xeral 2007-2008: distribución segundo ensino impartido e titularidade do centro

	curso 2007-2008			curso 2008-2009		
	Centros Públicos	Centros Privados	Total	Centros Públicos	Centros Privados	Total
E. infantil / E. Primaria (1)	12.322	3.456	15.778	12.970	3.704	16.674
E. Secundaria / FP (2)	16.662	3.338	20.000	16.581	3.319	19.900
Ambos grupos de niveles (3)	140	514	654	55	534	589
Total	29.124	7.308	36.432	29.606	7.557	37.163

(1) refírese ao profesorado que atende exclusivamente alumnado de E. Infantil / E. Primaria e non atende alumnado de ESO, Bacharelato e FP

(2) refírese ao profesorado que imparte exclusivamente ensinanzas de ESO, Bacharelato e FP

(3) refírese ao profesorado que atende a alumnado, tanto de E. Infantil / E. Primaria como de ESO, Bacharelato e FP

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.4.**Alumnos por unidade / grupo 2007-2008: distribución segundo ensino**

	curso 2007-2008			curso 2008-2009		
	Alumnos	Unidades	alumnos / ud.	Alumnos	Unidades	alumnos / ud.
Bacharelato Adultos	5.730	155	37,0	6.019	168	35,8
Bacharelato Ordinario	32.762	1.600	20,5	32.258	1.498	21,5
Ciclos Formativos Adultos	3.701	181	20,4	3.573	249	14,3
Ciclos Formativos Ordinarios	28.411	1.596	17,8	28.985	1.515	19,1
Ed. Infantil/Ed. Primaria (1)	187.438	10.471	17,9	190.775	10.459	18,2
Educación secundaria - Adultos	7.697	255	30,2	6.187	213	29,0
Ensinanzas básicas iniciais - Adultos	1.096	68	16,1	1.039	73	14,2
ESO	94.938	4.602	20,6	91.825	4.475	20,5
PGS	1.911	236	8,1	2.177	232	9,4

(1) agrúpanse os datos de Ed.Infantil e Ed.Primaria debido a que existen unidades mixtas de ambos ensinos

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.5.

pola poboación: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. O 22,1% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou en 2007 (último dato dispoñible) o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación (31% no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a cuarta comunidade con menor abandono educativo, por detrás de País Vasco, Navarra e Asturias.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 31,3% e 12,7%, respectivamente. A diferenza do que sucede en España, onde só sucede para os homes, este indicador descende entre os anos 2002 e 2007, tanto no caso dos homes coma das mulleres.

En canto ao nivel de formación da poboación nova,

Taxa bruta de escolaridade 2007-2008: distribución segundo nivel de ensino

Curso 2007-2008					
	Poboación 2007 (1)	Alumnos matriculados (2)	Alumnos matriculados / poboación	Alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo (3)	Alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación
Ed. Infantil	62.334	62.486	100,2	62.350	100,0
Ed. Primaria	120.792	124.952	103,4	121.411	100,5
ESO	88.930	94.938	106,8	83.732	94,2
Bacharelato	48.862	32.762	67,1	25.930	53,1

Curso 2008-2009					
	Poboación 2008 (1)	Alumnos matriculados (2)	Alumnos matriculados / poboación	Alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo (3)	Alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación
Ed. Infantil	64.571	64.339	99,6	64.230	99,5
Ed. Primaria	122.258	126.436	103,4	122.967	100,6
ESO	85.894	91.825	106,9	80.797	94,1
Bacharelato	48.284	32.258	66,8	25.998	53,8

(1) segundo as cifras do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de cada ano; Ed.Infantil: poboación de 2-4 anos; Ed.Primaria: poboación de 5-10 anos; ESO: poboación de 11-14 anos; Bacharelato: poboación de 15-16 anos. Hai que ter conta ademais que é posible que exista alumnado inmigrante matriculado nestes niveis de ensino e que non estea empadroadado

(2) alumnos matriculados en cada un dos niveis educativos

(3) alumnos matriculados. Ed. infantil: nados entre 2003-2005; Ed. Primaria: nados entre 1997-2002; ESO: nados entre 1993-1996; e Bacharelato: nados entre 1991-1992

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.6.

Abandono educativo prematuro ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2002-07

	Total		Homes		Mulleres	
	2002	2007	2002	2007	2002	2007
	(%)					
Andalucía	36,2	38,0	43,3	44,0	28,9	31,8
Aragón	27,6	26,8	31,0	31,8	23,8	21,6
Asturias	20,5	21,6	26,4	26,2	14,6	16,5
Baleares	37,9	44,2	45,5	49,1	29,5	39,2
Canarias	31,7	36,9	39,3	44,9	24,2	28,7
Cantabria	26,0	26,8	36,3	30,3	14,9	23,2
Castela e León	21,1	23,2	27,4	29,4	14,3	16,7
Castela - A Mancha	36,6	35,1	45,7	42,7	26,9	27,1
Cataluña	29,5	31,5	34,6	36,0	24,0	26,9
C. Valenciana	35,5	31,8	41,6	35,2	29,0	28,2
Extremadura	39,4	34,8	44,9	42,8	33,5	26,3
Galicía	26,8	22,1	35,1	31,3	18,3	12,7
Madrid	23,5	24,9	29,4	27,6	17,3	22,1
Murcia	36,5	38,4	44,2	43,2	28,1	33,3
Navarra	22,6	16,8	25,2	17,1	20,0	16,5
País Vasco	13,3	15,3	18,1	20,5	8,3	9,7
Rioxa	28,3	30,4	39,6	36,1	16,0	24,2
Ceuta e Melilla	33,5	54,8	36,3	49,0	30,3	61,0
Total	29,9	31,0	36,4	36,1	23,1	25,6

(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación

4.4.7.

Nível de formación da poboación nova ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2002-2007

	Total		Homes		Mulleres	
	2002	2007	2002	2007	2002	2007
	(%)					
Andalucía	56,4	54,0	49,8	47,9	63,3	60,4
Aragón	68,0	66,4	62,5	60,6	73,8	72,5
Asturias	72,4	70,2	67,4	64,6	77,5	76,0
Baleares	54,2	47,6	46,3	39,0	62,4	56,5
Canarias	59,3	52,1	51,3	43,0	67,5	61,3
Cantabria	67,1	67,5	57,5	60,0	77,1	75,3
Castela e León	70,0	67,4	65,0	61,5	75,3	73,5
Castela - A Mancha	55,8	54,1	47,7	45,2	64,6	63,7
Cataluña	65,0	61,2	60,0	55,0	70,3	67,8
C. Valenciana	58,1	61,4	51,1	57,0	65,5	66,1
Extremadura	57,3	55,4	51,0	47,1	63,9	64,3
Galicia	66,8	68,0	56,7	57,8	77,2	78,4
Madrid	72,0	67,2	66,3	64,4	77,8	70,1
Murcia	56,0	51,8	49,3	45,4	63,4	58,9
Navarra	75,6	78,3	73,5	78,0	77,8	78,7
País Vasco	80,9	80,8	78,6	75,3	83,4	86,6
Rioxa	69,7	62,1	62,0	61,4	78,1	62,8
Ceuta e Melilla	53,7	37,5	44,8	37,3	63,7	37,6
Total	63,7	61,1	57,4	55,1	70,3	67,3

(1) poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de ensino secundario 2ª etapa
 Fonte: Ministerio de Educación

4.4.8.

entre os dous anos considerados Galicia experimentou unha medra da porcentaxe de persoas entre 20 e 24 anos que completou ao menos o nivel de Ensinanza Secundaria 2ª etapa. En 2007, esta porcentaxe situouse no 68%, case sete puntos por riba da media estatal, sendo esta porcentaxe do 66,8% no ano 2002. Comparado co resto das CC.AA., os datos recollidos no **cadro 4.4.8.** amosan que Galicia se sitúa coma a cuarta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás de País Vasco, Navarra e Asturias.

As mulleres presentan un nivel educativo superior ao dos homes, sendo a porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudos de educación secundaria 2ª etapa rematados, do 78,4% fronte ao 57,8% no caso

dos homes. Tanto nun caso como noutro, esta porcentaxe é superior á rexistrada no conxunto de España, sendo o diferencial de máis de 11 puntos no caso das mulleres.

Finalmente, no que ao alumnado estranxeiro se refire, cómpre salientar que a pesar do descenso do alumnado en Galicia, ao longo do último curso o número de alumnos de nacionalidade estranxeira medrou un 12,4% (1.474 alumnos máis). Atendendo á distribución segundo nivel educativo, destaca o feito de que o 4,6% dos alumnos de educación primaria e o 4,2% dos de Educación Secundaria Obligatoria (ESO) non teñen nacionalidade española. Finalmente destacar que o 50% do incremento de alumnado de educación

Alumnos sen nacionalidade española 2007-2008: distribución segundo ensino

	Curso 2007-2008	Curso 2008-2009
Bacharelato Adultos	120	167
Bacharelato Ordinario	464	508
Ciclos Formativos Adultos	69	113
Ciclos Formativos Ordinarios	490	380
Ed. Infantil	1.569	1.661
Ed. Primaria	5.138	5.877
Ed. Secundaria - Adultos	429	404
Ensinanzas básicas iniciais - Adultos	236	351
ESO	3.360	3.833
PCPI	49	104
Total	11.924	13.398

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.9.

primaria no curso 2008/2009 ven explicado polo incremento de alumnado estranxeiro.

No que atinxe á desagregación segundo nivel de estudos, os datos recollidos no **cadro 4.4.9.** amosan o incremento do alumnado en todos os tipos de ensino agás nos ciclos formativos de adultos e na educación secundaria para adultos. Deses novos 1.474 alumnos sin nacionalidade española, 739 corresponden á educación primaria, e 473 á ESO.

Educación universitaria

As universidades galegas volven a presentar, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha redución do seu alumnado. O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 4.4.10.**, descendeu en Galicia un 2,9% (2.004 alumnos), acadando os 65.826 alumnos no curso 2008/09. A Universidade de Santiago de Compostela segue

sendo a de maior número de alumnos, con 26.816 persoas, o 40,7% dos universitarios galegos, seguida pola de A Coruña, 19.956 alumnos (30,3%) e a de Vigo, con 19.054 alumnos (28,9%). En termos relativos, a caída máis importante volve a producirse na universidade de Vigo, cun descenso do 8,1% respecto ao curso anterior, seguida da de A Coruña, e Santiago de Compostela, con descensos que non acadan o 1%.

En relación ao curso lectivo anterior, no curso 2008/09 aumenta a porcentaxe de mulleres que estudan nas universidades galegas ata o 57,6%. Cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan máis do 65% dos alumnos matriculados, fronte ao 53,3% e o 50,8% de Vigo e A Coruña respectivamente (**cadro 4.4.11.**).

Case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e

**Alumnos matriculados no sistema universitario galego 2007-2008:
distribución segundo rama de ensino**

	Curso 2007-2008			
	SUG	A Coruña	Santiago	Vigo
Humanidades	4.960	470	2.714	1.776
Ciencias Experimentais	4.958	819	2.840	1.299
Ciencias Sociais e Xurídicas	32.155	9.011	13.198	9.946
Ensinanzas Técnicas	18.423	8.655	2.954	6.814
Ciencias da Saúde	7.334	1.169	5.253	912
Total	67.830	20.124	26.959	20.747

	Curso 2008-2009 ⁽¹⁾			
	SUG	A Coruña	Santiago	Vigo
Humanidades	5.265	1.354	2.596	1.315
Ciencias Experimentais	4.221	738	2.356	1.127
Ciencias Sociais e Xurídicas	30.183	7.704	13.166	9.313
Ensinanzas Técnicas	18.323	9.235	2.723	6.365
Ciencias da Saúde	7.834	925	5.975	934
Total	65.826	19.956	26.816	19.054

(1) datos de avance

Fonte: Ministerio de Educación e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.10.

**Alumnos matriculados no sistema universitario galego 2007-2008:
distribución segundo sexo**

	Curso 2007-2008			
	SUG	A Coruña	Santiago	Vigo
Total alumnado	67.840	20.134	26.959	20.747
Homes	28.119	9.217	9.350	9.552
Mulleres	39.721	10.917	17.609	11.195

	Curso 2008-2009			
	SUG	A Coruña	Santiago	Vigo
Total alumnado	65.826	19.956	26.816	19.054
Homes	27.885	9.813	9.184	8.888
Mulleres	37.941	10.143	17.632	10.166

(1) datos de avance

Fonte: Ministerio de Educación e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.4.11.

xurídicas (45,8%), seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, cun 27,8% dos alumnos, e as ciencias da saúde, con aproximadamente un doce por cento dos mesmos. ■

4.5.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

A situación medioambiental é un dos aspectos que hai que ter en conta á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social. A propia Estratexia de Lisboa pon de releve a súa importancia ao considerar as medidas de protección do medio ambiente como un dos seus piares xunto ao crecemento económico e a cohesión social.

No eido normativo cómpre salientar, a aprobación en xullo de 2008 da lei 7/2008, de 7 de xullo da Paisaxe de Galicia que, entendendo que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende os eidos ambientais, culturais, sociais e económicos, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia, co fin de preservar e ordenar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible.

A Lei 7/2008, de 7 de xullo, conforme as disposicións do Convenio europeo da paisaxe, aprobado en Florencia o 20 de outubro de 2000 pretende recoñecer xuridicamente a paisaxe e promover políticas de paisaxe.

Salientable tamén no ámbito normativo de referencia no marco mediambiental é a promulgación en novembro de 2008 da Lei 10/2008, de 3 de novembro de Resíduos de Galicia, que se enmarca no disposto na Directiva Comunitaria 2006/12/CE, relativa aos residuos, e incorpora os principios establecidos nos programas comunitarios de acción en materia de ambiente natural, entre cuxos obxectivos figuran a prevención da produción de residuos e o fomento, por

esta orde, da súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización.

Cambio climático

O fenómeno do cambio climático é, o gran reto ambiental a escala global ao que se enfrontan actualmente os distintos gobernos. Para facer fronte a este problema, asinou o denominado protocolo de Kioto, que establece compromisos de redución das emisións dos gases de efecto invernadoiro, principal causa do cambio climático.

Dende o punto de vista normativo, cómpre salientar a elaboración do Plan galego de acción fronte ao cambio climático 2008-2012, que aborda dun xeito integral todo o conxunto de accións necesarias para afrontar o reto do fenómeno do cambio climático. O plan contempla catro programas: o de mitigación, o de avaliación de impactos e adaptación, o programa de observación e investigación, e, finalmente, o de educación, información e cooperación sobre cambio climático.

O **cadro 4.5.1.** reflicte os principais resultados obtidos ao longo do cuarto ano da aplicación da Lei 1/2005, de nove de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que supón a trasposición da Directiva 2003/87/CE. No ano 2008, o volume total de asignacións que cobren as 59 instalacións cuxas emisións foron inscritas foi de 12,09 millóns de toneladas de CO₂. Dado que as emisións ascenderon a 12,13 millóns de toneladas, o balance negativo foi de 40.000 toneladas de CO₂. Comparado co total estatal, Galicia aco-

Emisión de CO₂ en Galicia e España 2008: principais datos

	Galicia				España			
	Instalacións	Asignación	Emisións		Instalacións	Asignación	Emisións	
			2007	2008			2007	2008
			(en millóns tn)				(en millóns tn)	
Xeración enerxía	5	8,20	14,18	8,89	97	64,84	105,75	88,73
Combustións	32	1,40	1,23	1,16	392	17,77	14,92	15,59
Industria								
Refino de petróleo	1	1,63	1,47	1,34	13	15,79	15,14	14,60
Producción de cal e cemento	2	0,39	0,37	0,04	61	31,65	49,81	45,59
Producción cerámica	15	0,18	0,19	0,19	346	6,53	5,90	4,45
Producción pasta e papel	2	0,15	0,10	0,10	114	5,55	4,71	4,68
Producción aceiro	1	0,08	0,07	0,63	30	9,50	8,35	7,97
Fabricación vidro	1	0,04	0,03	0,03	38	2,19	1,97	1,85
Total	59	12,09	17,67	12,13	1.091	153,88	186,55	163,46

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

4.5.1.
Emisións contaminantes nas CC.AA. 2006-2007: actividades e complexos contaminantes

	actividades/categorías industriais		complexos industriais (1)	
	2006	2007	2006	2007
Andalucía	29	36	404	387
Aragón	20	24	153	159
Asturias	18	21	30	39
Baleares	4	5	7	9
Canarias	8	7	26	22
Cantabria	23	20	33	30
Castela e León	-	24	-	286
Castela-A Mancha	18	24	86	230
Cataluña	37	35	566	169
C. Valenciana	20	22	161	177
Extremadura	11	12	24	38
Galicia	25	27	83	102
Madrid	16	19	38	56
Murcia	13	18	82	83
Navarra	17	21	67	113
País Vasco	33	-	119	-
A Ríoxa	3	7	4	8
Ceuta e Melilla	2	1	2	1
Total			1.885	1.909

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes, PRTR-España

4.5.2.

Ile o 5,4% das instalacións, mentres que a porcentaxe de asignacións e emisións foi do 7,8% e 7,4%, respectivamente.

En canto á cobertura da asignación, definida coma a relación entre asignacións e emisións verificadas, esta situouse en Galicia no 99,7%, cinco con seis puntos por riba da media estatal, cambiando así a tendencia de anos anteriores. A cobertura de asignación do sector eléctrico galego foi do 92,2%, (73,1% no conxunto do Estado), fronte aos 106% dos sectores industriais (a media estatal foi do 90%) e o 120,7% de “combustións” (114% en España).

Segundo os datos do *Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes*, en 2007 (último ano dispoñible) continúa incrementándose o número total de actividades contaminantes en Galicia, que pasa dos 25 contaminantes de 2006 aos 27 contaminantes do último ano. Xunto a este incremento hai que salientar, **cadro 4.5.2.**, a medra do número de centros ou complexos industriais contaminantes, que se sitúa nos 102 centros (83 centros no ano anterior), o que representa o 5,3% do total estatal.

Atendendo ao tipo de actividade, cómpre salientar que as instalacións de combustión de máis de 50 MW acollen o 82,2% das emisións ao aire, e o 80,6% das emisións ao auga.

Biodiversidade

Á hora de analizar os indicadores ambientais da biodiversidade analízase tanto o impacto dos incendios

forestais declarados en Galicia como os espazos naturais protexidos.

• Incendios forestais

Dada a importancia do medio rural galego para o desenvolvemento sostible de Galicia e a función social, ambiental e económica que o monte desempeña, é fácil comprender o impacto negativo que para a política de desenvolvemento rural supoñen os incendios forestais.

Ao longo do último ano, a superficie total afectada rexistrou unha diminución do 9,9% respecto da queimada no ano anterior. A superficie afectada polos 2.564 lumes declarados no último ano ascendeu, segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a 6.352,8 hectáreas. Comparado cos datos correspondentes ao conxunto do Estado, o **cadro 4.5.3.** amosa que en Galicia se declararon o 22,1% dos lumes do conxunto do Estado e que acolleu o 15,9% da superficie total queimada en España en 2008, logo da redución en máis do 53% da superficie total queimada en España en relación ao ano anterior.

Ao igual que o acontecido no ano anterior, a provincia de Ourense volta a ser a de maior número de incendios e de superficie forestal afectada. Nesta provincia declaráronse o 52,6% dos incendios (1.349 lumes), representando a superficie queimada o 68,4% da superficie arrasada en Galicia (4.348,3 hectáreas). En Pontevedra rexistráronse un total de 540 incendios, o que supón o 21% dos incendios declarados en Galicia, mentres que a superficie afectada polos mesmos representa o 9,1% da superficie queimada en Galicia.

Incendios forestais en Galicia e España 2007-08: sinistros e superficie afectada

2007

	sinistros	superficie afectada		
		arborada	non arborada	superficie total
		(en has.)		
Galicia	3.157	1.190,9	5.860,1	7.051,1
A Coruña	557	481,2	577,7	1.058,9
Lugo	350	116,9	420,7	537,6
Ourense	1.465	355,1	4.390,5	4.745,6
Pontevedra	785	237,7	471,3	709,0
España	10.932	29.402,6	56.710,0	86.112,5
Galicia / España (%)	28,9	4,1	10,3	8,2

2008 (1)

	sinistros	superficie afectada		
		arborada	non arborada	superficie total
		(en has.)		
Galicia	2.564	1.001,3	5.351,5	6.352,8
A Coruña	383	194,6	360,5	555,1
Lugo	292	126,2	742,3	868,4
Ourense	1.349	477,8	3.870,5	4.348,3
Pontevedra	540	202,7	378,3	581,0
España	11.612	7.636,4	32.258,4	39.894,8
Galicia / España (%)	22,1	13,1	16,6	15,9

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

4.5.3.

A superficie forestal arborada queimada volta, este ano 2008, a ser moi inferior á superficie queimada rasa. Tras a redución do 16% da superficie arborada queimada, esta situouse nas 1.001,3 hectáreas, o 15,8% da superficie forestal arrasada polo lume. A superficie correspondente a matorral e monte baixo reduciuse respecto ano anterior un 8,7%, acadando as 5351,5 hectáreas.

A estatística de distribución mensual dos incendios rexistrados na comunidade autónoma amosa a forte concentración dos mesmos no mes de febreiro. Como se reflicte no **cadro 4.5.4.**, nese mes se declararon 673 lumes, o 26,2% dos incendios en Galicia, ascendendo a superficie total afectada por estes incendios a 3.827,8 hectáreas, o 60,4% da superficie queimada en 2008.

Xunto á devandita concentración dos lumes no que á temporalidade se refire, outra das principais características dos incendios en Galicia é a súa elevada concentración espacial. Dunha banda, e en termos do número de lumes declarados, esta mantense en niveis similares aos do ano anterior xa que os 25 concellos con maior número de incendios sufriron o 37,2% dos incendios do 2008 (33,8% no ano anterior). Se en lugar destes 25 concellos consideramos os dez con maior número de lumes, esta porcentaxe sería do 22,1% (19% en 2007).

Pola contra, se consideramos a superficie forestal queimada nos distintos concellos, o **cadro 4.5.5.** amosa que o 51% da superficie afectada corresponde tan só a 10 concellos galegos, sendo este peso relativo do 71,7% no caso dos 25 concellos con galegos con

Incendios forestais 2008: distribución mensual

Lumes					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Xaneiro	161	2	7	138	14
Febreiro	673	48	54	454	117
Marzo	256	19	15	178	44
Abril	174	27	17	94	36
Maio	40	10	6	17	7
Xuño	149	54	9	23	63
Xullo	253	68	43	68	74
Agosto	379	76	70	169	64
Setembro	224	52	37	96	39
Outubro	183	22	28	71	62
Novembro	24	1	-	21	2
Decembro	47	4	6	19	18
Total	2.563	383	292	1.348	540

Superficie queimada (en has.)					
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Xaneiro	276,3	5,2	2,7	260,4	8,1
Febreiro	3.827,8	91,2	563,8	2.825,9	346,9
Marzo	370,3	32,7	26,7	251,7	59,3
Abril	381,2	98,7	29,4	218,6	34,5
Maio	60,4	43,5	2,9	8,2	5,9
Xuño	67,6	39,0	3,9	4,3	20,3
Xullo	421,8	86,5	74,2	223,0	38,1
Agosto	455,3	51,7	98,7	296,8	8,2
Setembro	180,3	87,7	11,0	65,4	16,2
Outubro	210,6	7,9	32,5	143,3	26,9
Novembro	38,9	0,1	-	38,7	0,2
Decembro	46,8	11,3	9,4	11,1	15,0
Total	6.337,5	555,4	855,1	4.347,3	579,7

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.5.4.**Concellos máis afectados polos incendios forestais 2008**

lumes				superficie queimada			
			(%)				(%)
				(en has.)			
1	A Gudiña	105	4,1	1	Viana do Bolo	1.517,5	23,9
2	Viana do Bolo	85	3,3	2	Verea	332,1	5,2
3	A Mezquita	66	2,6	3	Cervantes	249,0	3,9
4	Manzaneda	64	2,5	4	A Mezquita	192,8	3,0
5	Vilaríño de Conso	47	1,8	5	Vilaríño de Conso	191,0	3,0
6	Muíños	46	1,8	6	Quiroga	179,8	2,8
7	A Pobra de Trives	44	1,7	7	A Gudiña	166,0	2,6
8	Castro Caldelas	39	1,5	8	Laza	141,8	2,2
9	A Cañiza	37	1,4	9	Ríos	135,1	2,1
10	Cualedro	33	1,3	10	A Veiga	128,6	2,0
11	Chandrexa de Queixa	33	1,3	11	Carballeda de Valdeorras	125,1	2,0
12	Ríos	31	1,2	12	Calvos de Randín	115,3	1,8
13	Ponteareas	30	1,2	13	Muíños	115,1	1,8
14	Carballeda de Valdeorras	28	1,1	14	A Estrada	113,4	1,8
15	Vigo	28	1,1	15	Lobeira	98,0	1,5
16	Baltar	27	1,1	16	Lobios	88,9	1,4
17	As Neves	25	1,0	17	A Cañiza	82,0	1,3
18	Lugo	25	1,0	18	Manzaneda	81,2	1,3
19	Calvos de Randín	24	0,9	19	Santa Comba	80,4	1,3
20	Monterrei	24	0,9	20	Cualedro	77,4	1,2
21	Carballo	24	0,9	21	Laxe	74,4	1,2
22	Lobios	23	0,9	22	Chandrexa de Queixa	68,0	1,1
23	Mondariz	23	0,9	23	Samos	65,3	1,0
24	Maceda	22	0,9	24	Folgoso do Courel	64,4	1,0
25	Silleda	21	0,8	25	Rodeiro	60,3	1,0
10 primeiros concellos		566	22,1	10 primeiros concellos		3.233,6	51,0
25 primeiros concellos		954	37,2	25 primeiros concellos		4.542,4	71,7
Total Galicia		2.563	100	Total Galicia		6.337,5	100

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.5.5.

Incendios forestais 2008: distribución segundo causalidade

	Lumes		Superficie afectada				Total	
		(%)	Arborada (en has.)	(%)	Rasa (en has.)	(%)	(en has.)	(%)
Total	2.563	100	998,23	100	5.339,26	100	6.337,49	100
Sen especificar	2	0,1	-	-	0,07	0,0	0,07	0,0
Raio	45	1,8	18,88	1,9	72,02	1,3	90,90	1,4
Queima agrícola	3	0,1	0,01	0,0	0,03	0,0	0,04	0,0
Queima de pastos	13	0,5	2,26	0,2	7,64	0,1	9,90	0,2
Traballos forestais	25	1,0	13,71	1,4	15,81	0,3	29,52	0,5
Fogueiras	15	0,6	1,76	0,2	6,50	0,1	8,26	0,1
Fumadores	19	0,7	1,70	0,2	0,56	0,0	2,26	0,0
Queima de lixo	5	0,2	-	-	0,48	0,0	0,48	0,0
Escapes de vertedoiros	6	0,2	-	-	0,32	0,0	0,32	0,0
Queima de matogueira	48	1,9	26,88	2,7	27,13	0,5	54,01	0,9
Ferrocarril	2	0,1	0,02	0,0	1,01	0,0	1,03	0,0
Liñas eléctricas	16	0,6	2,28	0,2	0,76	0,0	3,04	0,0
Motores e máquinas	33	1,3	10,56	1,1	46,68	0,9	57,24	0,9
Outras negligencias	33	1,3	2,14	0,2	1,20	0,0	3,34	0,1
Intencionado	1.853	72,3	812,38	81,4	4.810,65	90,1	5.623,03	88,7
Causa descoñecida	346	13,5	80,48	8,1	302,00	5,7	382,48	6,0
Incendio reproducido	29	1,1	10,91	1,1	7,55	0,1	18,46	0,3

Fonte: Consellería do Medio Rural

4.5.6.

maior número de superficie arrasada polo lume. Comparado co ano anterior cómpre salientar a redución da concentración xa que estas porcentaxes eran do 59,3% no caso dos 10 concellos con maior número de hectáreas queimadas e do 76,1% si se consideran os devanditos 25 concellos.

No que atinxe á análise da causalidade dos incendios forestais en Galicia, e como resultado das primeiras estimacións, o 72,3% dos lumes rexistrados no ano 2008 se cualificaron como intencionados. A superficie queimada por estes incendios en Galicia foi de 5.623 hectáreas, o que significa que o 88,7% das hectáreas queimadas o son por lumes intencionados. Comparado cos datos estatísticos do ano anterior cómpre salientar o incremento da importancia relativa da superficie queimada en cinco con cinco puntos (83,2% en 2007), e o peso relativo do número de

lumes intencionados incrementouse en dous puntos e medio (69,8% en 2007).

Séguenlle en importancia, ao igual que en 2007, os lumes rexistrados por causas descoñecidas (13,5% dos lumes e o 6% da superficie total queimada) e os lumes por motivo de queimas agrícolas (1,9% dos lumes galegos e o 0,9% da superficie queimada).

• Os espazos naturais protexidos

En Galicia foron declaradas ata o momento un total de 14 zonas de especial protección para as aves (ZEPAs), cunha extensión total de 72.881 hectáreas. Destas, 58.446 hectáreas corresponden á superficie terrestre e as restantes 14.435 hectáreas, á superficie mariña. Asemade, a comunidade galega conta con 59 lugares de importancia comunitaria (LIC), que suman unha superficie total de 371.868 hectáreas, das que

Rede Natura 2000 nas CC.AA: Lugares de Importancia Comunitaria (LICs) e Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPAs)

	LICs			ZEPAs		
	número	superficie		número	superficie	
		(ha.)	(% / territorio)		(ha.)	(% / territorio)
Andalucía	195	2.622.652	28,7	62	1.572.369	17,6
Aragón	156	1.039.303	21,8	45	840.182	17,6
Asturias	49	304.046	26,7	13	239.237	20,8
Baleares	127	201.913	18,7	50	122.154	14,2
Canarias	177	461.741	36,5	43	278.154	35,2
Cantabria	21	137.556	25,7	8	78.810	14,8
Castela-A Mancha	72	1.565.220	19,7	38	1.573.729	19,8
Castela e León	120	1.890.597	20,6	70	1.998.353	21,2
Cataluña	115	1.037.911	29,6	73	894.557	25,4
C. Valenciana	94	685.542	26,8	18	277.239	11,9
Extremadura	87	828.169	19,9	69	1.089.936	26,2
Galicia	59	371.868	11,6	14	72.881	2,0
Madrid	7	320.043	39,9	7	185.331	23,1
Murcia	50	347.633	14,8	22	205.029	16,9
Navarra	42	252.898	24,2	17	77.267	7,4
País Vasco	52	134.812	18,6	6	39.287	5,3
A Rioxa	6	167.611	33,3	5	165.950	32,9
Ceuta e Melilla	5	2.081	21,0	3	684	20,0
Total España	1.434	12.371.595	22,2	562	9.711.150	18,0

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

4.5.7.

27.870,8 ha corresponden a áreas mariñas (**cadro 4.5.7.**).

Cómpre salientar a existencia de cinco humidaís galegos incluídos na lista de sitios Ramsar (Complexo dunar de Corrubedo; Rías de Ortigueira e Ladrado; Lagoa e areal de Valdoviño; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira; e a Ría de Ribadeo), que suman 8.256 hectáreas, o 2,9% da superficie total dos humidaís españois incluídos na devandita Lista.

Residuos sólidos

Ao longo do ano 2006 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia 1.506,2 miles de toneladas de resi-

duos urbanos (selectivos e mesturados), o que representa un 5,3% do total estatal. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.5.8.** indica un incremento do 5,8% no caso dos residuos urbanos recollidos en Galicia fronte á medra do 1,3% de media en España.

O volume de residuos mesturados descendeu en cinco comunidades autónomas ao longo do ano 2006, acañando en Galicia 1.198 toneladas, un 10,7% máis que as recollidas no ano anterior (medra un 1% no conxunto do Estado). Pola contra, nove CC.AA. experimentaron nese ano un incremento do volume de residuos urbanos recollidos selectivamente, mentres que en Galicia reduciuse nun 9,6%. Comparado co total estatal, Galicia recolleu o 5,5% dos residuos mesturados e o 4,7% dos recollidos selectivamente.

Residuos urbanos recogidos nas CC.AA. 2005-06: distribución segundo tipo

	2005		2006		06-05	
	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente
	(toneladas)				(%)	
Andalucía	3.971.183	1.264.250	4.017.657	1.038.643	1,2	-17,8
Aragón	604.292	208.734	616.889	146.178	2,1	-30,0
Asturias	488.924	128.298	509.738	129.166	4,3	0,7
Baleares	616.766	246.749	620.754	465.120	0,6	88,5
Canarias	1.169.504	278.882	1.105.084	292.122	-5,5	4,7
Cantabria	305.404	63.508	313.621	70.549	2,7	11,1
Castela e León	1.210.143	872.520	1.168.651	946.768	-3,4	8,5
Castela - A Mancha	945.058	203.944	965.759	298.903	2,2	46,6
Cataluña	3.061.306	739.961	3.058.026	757.518	-0,1	2,4
Comunidade Valenciana	2.199.421	483.672	2.204.461	649.404	0,2	34,3
Extremadura	490.811	127.206	493.466	120.699	0,5	-5,1
Galicia	1.082.235	340.841	1.197.980	308.261	10,7	-9,6
Madrid	3.239.910	770.809	3.352.172	695.611	3,5	-9,8
Murcia	654.403	142.103	670.676	138.845	2,5	-2,3
Navarra	296.984	94.498	306.913	85.679	3,3	-9,3
País Vasco	1.068.437	396.928	1.030.168	343.448	-3,6	-13,5
A Ríoxa	153.588	35.920	145.923	46.179	-5,0	28,6
Ceuta e Melilla	81.168	24.345	83.883	23.631	3,3	-2,9
Total	21.639.537	6.423.168	21.861.821	6.556.724	1,0	2,1

Fonte: INE

4.5.8.
Residuos urbanos producidos nas CC.AA. 2005-06: distribución segundo tipo de residuo producido

	2005				2006			
	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio	Envases mixtos	Domésticos	Papel e cartón	Vidrio	Envases mixtos
	(Kg por persoa e ano)							
Andalucía	498	11,0	7,5	24,9	515	11,8	8,3	16,3
Aragón	473	14,0	12,6	17,5	490	19,6	14,2	13,2
Asturias	454	23,6	8,7	7,0	482	32,2	11,1	8,3
Baleares	616	55,2	18,7	32,7	630	66,3	23,2	16,5
Canarias	586	30,3	9,1	32,3	566	39,3	10,5	13,1
Cantabria	538	19,0	12,4	18,0	563	20,8	17,7	20,4
Castela e León	480	10,5	11,8	18,8	472	19,0	14,0	14,7
Castela - A Mancha	489	12,0	7,3	21,5	510	12,2	8,2	8,9
Cataluña	429	21,5	15,1	11,0	441	26,3	18,8	12,6
C. Valenciana	458	11,9	10,9	16,5	475	20,0	12,7	18,2
Extremadura	452	8,7	4,7	43,8	461	14,0	5,5	24,9
Galicia	391	13,4	9,9	26,9	441	15,0	11,9	21,0
Madrid	539	18,6	8,3	22,8	564	22,4	9,0	24,3
Murcia	478	10,8	8,8	39,2	502	11,2	9,8	29,6
Navarra	493	30,3	18,9	46,6	522	35,2	21,9	45,6
País Vasco	501	38,6	19,3	49,9	488	39,3	19,7	36,0
A Ríoxa	501	22,7	18,2	27,2	485	29,6	19,1	26,5
Ceuta e Melilla	569	8,0	3,0	38,4	609	6,0	2,9	31,1
Total	484	17,9	10,9	23,3	500	22,1	12,6	18,6

Fonte: INE

4.5.9.

Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas nas CC.AA. 2005-06:
distribución segundo tipo de perigosidade

	2005		2006		06-05	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(miles de toneladas)				(%)	
Andalucía	5.133,9	242,8	4.166,8	170,8	-18,8	-29,7
Aragón	6.182,8	76,5	3.676,4	32,9	-40,5	-57,0
Asturias	2.382,8	148,0	3.028,0	134,4	27,1	-9,2
Baleares	66,2	4,3	196,2	4,2	196,4	-1,4
Canarias	83,9	14,5	149,8	9,2	78,5	-36,6
Cantabria	580,5	133,9	599,5	78,1	3,3	-41,7
Castela e León	24.574,2	110,7	26.589,0	150,3	8,2	35,8
Castela - A Mancha	2.381,3	48,6	678,6	161,1	-71,5	231,3
Cataluña	3.903,7	486,1	3.580,6	496,2	-8,3	2,1
C. Valenciana	3.676,8	166,0	3.259,6	157,2	-11,3	-5,3
Extremadura	364,8	18,2	460,7	23,4	26,3	28,4
Galicia	3.742,3	140,5	5.071,4	89,6	35,5	-36,2
Madrid	1.536,9	122,8	1.697,9	139,3	10,5	13,5
Murcia	419,3	56,1	557,1	35,2	32,9	-37,2
Navarra	538,8	65,6	721,4	51,1	33,9	-22,1
País Vasco	2.489,8	382,0	2.536,3	381,5	1,9	-0,1
A Ríoxa	99,3	11,3	153,0	17,0	54,0	50,6
Total	58.157,3	2.227,8	57.122,3	2.131,5	-1,8	-4,3

Fonte: INE

4.5.10.

Residuos xerados en Galicia e España 2006: distribución segundo tipo de residuo

	Galicia		España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(en toneladas)			
Residuos químicos (1)	3.015	3.062	50.314	652.816
Aceites usados	-	3.418	-	89.728
Residuos preparados químicos	1.858	5.433	71.520	169.496
Outros residuos químicos	142.407	20.508	1.579.244	586.040
Residuos sanitarios e biolóxicos	61	412	11.837	2.398
Residuos metálicos	84.728	180	2.327.446	73.600
Residuos de vidro	15.164	2	346.156	390
Residuos de papel e cartón	72.797	-	1.446.228	-
Residuos de caucho	2.312	-	56.551	-
Residuos de plástico	7.325	-	281.958	-
Residuos de madeira	155.870	167	1.070.456	1.077
Residuos téxtis	4.029	-	62.119	-
Residuos que conteñen PCB	-	226	-	4.462
Residuos desechados	657	316	6.686	18.084
Residuos animais e vexetais	145.186	-	2.358.301	-
Residuos correntes misturados	36.413	244	1.259.412	53.653
Lodos comúns	45.061	-	2.829.254	-
Residuos minerais e da construción (2)	2.588.817	14.329	34.284.854	122.347
Residuos da combustión	1.764.410	41.317	8.913.077	354.443
Residuos solidificados e vitrificados	1.320	24	166.720	3.095
Total	5.071.430	89.638	57.122.133	2.131.629

(1) non inclúe os aceites usados

(2) non inclúe os residuos da combustión

Fonte: INE

4.5.11.

Residuos xerados nas industrias extractivas, manufactureiras e enerxéticas en Galicia e España 2005-06: distribución segundo actividade económica e tipo de perigosidade

	2005					
	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)				(%)	
Industrias extractivas	423.327	200	28.951.691	6.626	1,5	3,0
Industria manufactureira	3.080.101	139.717	20.734.857	2.174.264	14,9	6,4
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	-	-	4.287.456	77.427	-	-
Industrias do téxtil, da confección	-	-	158.288	10.741	-	-
Industria do coiro e do calzado	-	-	92.458	1.421	-	-
Industrias da madeira e cortiza	-	-	553.014	12.348	-	-
Industrias do papel, edición e artes gráficas	-	-	1.708.149	28.564	-	-
Refino do petróleo e trat. Residuos nucleares	-	-	45.918	52.230	-	-
Industria química	-	-	2.675.369	499.158	-	-
Industria de transformación do caucho e mat. Plásticas	-	-	299.568	23.089	-	-
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	-	-	3.159.785	177.229	-	-
Metalurxia e outros produtos metálicos	-	-	5.024.291	1.008.972	-	-
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	-	-	273.943	65.177	-	-
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	-	-	152.162	65.879	-	-
Fabricación de material de transporte	-	-	1.088.328	139.519	-	-
Resto das actividades manufactureiras	-	-	216.126	12.516	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	238.875	631	8.470.810	47.025	2,8	1,3
Total	3.742.303	140.548	58.157.358	2.227.915	6,4	6,3

	2006					
	Galicia		España		Galicia/España	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(toneladas)				(%)	
Industrias extractivas	117.892	375	26.096.078	5.326	0,5	7,0
Industria manufactureira	3.251.641	65.492	23.789.346	2.058.958	13,7	3,2
Productos alimenticios, bebidas e tabaco	-	-	5.094.685	18.209	-	-
Industrias do téxtil, da confección	-	-	120.123	3.450	-	-
Industria do coiro e do calzado	-	-	38.170	1.382	-	-
Industrias da madeira e cortiza	-	-	734.793	9.701	-	-
Industrias do papel, edición e artes gráficas	-	-	3.450.087	26.683	-	-
Refino do petróleo e trat. Residuos nucleares	-	-	45.867	52.417	-	-
Industria química	-	-	2.328.058	530.500	-	-
Industria de transformación do caucho e mat. Plásticas	-	-	246.849	25.781	-	-
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	-	-	4.115.534	84.866	-	-
Metalurxia e outros produtos metálicos	-	-	6.022.168	1.086.353	-	-
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	-	-	235.612	34.128	-	-
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	-	-	159.075	31.019	-	-
Fabricación de material de transporte	-	-	954.565	140.910	-	-
Resto das actividades manufactureiras	-	-	243.760	13.559	-	-
Producción e distribución de enerxía eléctrica	1.701.897	23.771	7.236.709	67.345	23,5	35,3
Total	5.071.430	89.638	57.122.133	2.131.629	8,9	4,2

Fonte: INE

Atendendo ao tipo de residuo producido, o **cadro 4.5.9.** amosa que no caso dos residuos urbanos domésticos recolléronse en Galicia un total de 441 quilogramos por habitante, sendo de 21 quilogramos no caso dos envases mixtos e de 15 kg/hab. e 11,9 quilogramos por habitante, no do papel e cartón e do vidro. Segundo as estatísticas do INE, Galicia sitúase por riba da media estatal no caso dos envases mixtos.

No concernente á xeración de residuos na industria galega, os **cadros 4.5.10. a 4.5.12.** reflicten que ao longo do ano 2006 (o derradeiro ano dispoñible) a industria xerou un total de 5.161 miles de toneladas, dos que o 64,3% (3.317,1 miles de toneladas), xeráronse nas industrias manufactureira, e un 2,3% (118,3 miles de toneladas) nas actividades da industria extractiva. No conxunto do Estado, as industrias extractivas xeraron o 44% dos residuos industriais, fronte ao 43,6% das industrias manufactureiras.

Dos 5.161 miles de toneladas de residuos xerados en Galicia ao longo de 2006 (o 8,7% das toneladas recollidas de media en España), un total de 5.071,4 miles de toneladas teñen a consideración de non perigosos (o 8,9% dos residuos “non perigosos” do conxunto do Estado) e os restantes 89,6 miles de toneladas se clasifican como “perigosos” (o 4,2% dos residuos “perigosos” estatais). Comparado co ano anterior, e a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, Galicia experimentou un forte incremento dos residuos non perigosos, un 35,5% máis que no ano anterior, fronte o descenso dos residuos perigosos nun 36,3% respecto ao ano 2005.

Ao igual que no ano anterior, o maior volume de residuos non perigosos xerados corresponde aos residuos minerais e da construción, con 2.588,8 miles de toneladas (o 51% do total de residuos non perigosos en Galicia). Séguenlle en importancia, no que ao volume se refire, os residuos da combustión con 1.764,4 miles de toneladas, e os residuos da madeira con 155,9 miles de toneladas. No caso dos residuos perigosos, salientan os residuos da combustión, que acadaron as 41,3 miles de toneladas, o 46% dos residuos perigosos xerados en Galicia no ano 2006 e o 11,6% do total de residuos perigosos xerados polos procesos de combustión no conxunto do Estado.

Agricultura ecolóxica

Este indicador pretende reflectir as producións ecolóxicas certificadas, e recolle aqueles sistemas de produción, transformación e comercialización de alimentos certificados como tais. Como indica o **cadro 4.5.13.**, no ano 2008 había en Galicia un total de 510 operadores en agricultura ecolóxica (2,2% do total estatal), dos que 445 son considerados como produtores (2,1% dos produtores en España).

A superficie destinada á agricultura ecolóxica medrou no último ano un 17,4%, situándose nas 12.895,1 hectáreas, o 1% do conxunto do Estado, dos que 1677,8 hectáreas son cualificadas como en primeiro ano de prácticas, e 415,2 ha, como superficie en conversión. Ao igual que no conxunto do Estado, os “prados, pasteiros e forraxes” e o “bosque e recolección silvestre” son os aproveitamentos máis importantes e significan case o 95,6% da superficie galega dedicada á agricul-

Agricultura ecolóxica nas CC.AA. 2008

	Operadores	Superficie (ha.)	Explotac. gandeiras	Cabezas gando/ colmenas	Actividades industriais (1)	
					Prod. vexetal	Prod. animal
Andalucía	8.125	784.067,4	2.073	357.863	384	70
Aragón	863	70.493,9	14	8.025	155	8
Asturias	328	11.822,7	244	18.354	20	41
Baleares	563	23.007,7	334	27.782	56	34
Canarias	685	5.009,4	19	2.571	62	10
Cantabria	144	5.561,5	72	3.918	10	17
Castela-A Mancha	2.322	119.668,1	140	61.089	120	12
Castela e León	384	18.912,7	36	19.960	74	26
Cataluña	1.251	62.331,0	380	50.786	459	97
Estremadura	3.817	85.805,6	121	64.946	89	9
Galicia	510	12.895,1	169	35.861	37	28
A Coruña	87	753,8	28	7.720	7	8
Lugo	266	5.644,9	94	23.173	14	9
Ourense	73	6.108,8	35	3.916	6	5
Pontevedra	84	387,6	12	1.052	10	6
Madrid	172	5.116,1	15	2.393	58	17
Murcia	1.683	37.599,7	10	3.345	155	15
Navarra	660	29.367,8	58	7.356	71	9
Rioxa, A	307	8.626,7	18	5.135	66	11
País Vasco	237	1.350,5	76	6.895	44	13
C. Valenciana	1.422	36.116,1	34	10.044	314	13
España	23.473	1.317.752	3.813	686.323	2.174	430

(1) Industrias sometidas a control

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino

4.5.13.

tura ecolóxica, sendo esta porcentaxe do 64,8% en España.

O número de explotacións gandeiras en agricultura ecolóxica ascendeu ata as 169, 24 máis que en 2007, e no último ano rexistrouse un incremento do número de cabezas de gando/colmeas, que acadan as 35.861, un 15,8% máis que en 2007.

O número de actividades industriais sometidas a control ascendeu no último ano a 65, dos que 37 corresponden á produción vexetal y 28 á produción animal. Entre as primeiras salientan as actividades de panifi-

cación e pastas alimenticias e de manipulación e envasado de produtos hortifrutícolas frescos, mentres que no caso da produción animal, salientan os de matadoiros e salas de despece e o da leite, queixo e derivados lácteos.

Efectos da contaminación ambiental sobre a saúde

A importancia dun apartado dedicado aos efectos da contaminación ambiental radica en que esta é responsable de enfermidades coma as afeccións respiratorias ou a toxicidade relacionada coa calidade da auga. Relacionado coas enfermidades provocadas pola con-

taminación atmosférica, cómpre facer referencia ao nivel de pole no aire, segundo causante de alerxias que afectan ao aparato respiratorio. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, en 2008 houbo un total de 91.290 grans de pole por metro cúbico de aire, sendo os captadores máis importantes, en canto ao volume de grans por metro cúbico, Ourense e Vigo, con 37.549 e 28.226 grans/m³, respectivamente. No que ás especies se refire, destacan pola súa presenza, as gramíneas, as estrugas, o piñeiro e o carballo.

Canto ás enfermidades de transmisión hídrica, os datos recollidos no **cadro 4.3.4. [Enfermidades de declaración obrigatoria 2007-08]** amosan que se descende o número de casos de febre tifoidea e paratifoidea a 2 casos por cada 1.000.000 habitantes, en tanto que se incrementa esta taxa no caso de disentería bacilar, que se sitúa en 5 casos por cen mil habitantes (0,1 casos no ano 2007). ■

4.6.- Outros indicadores

Tras analizar nos capítulos anteriores a cobertura e o financiamento das prestacións sociais e sanitarias, a educación e o medio ambiente, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan outros aspectos da calidade de vida. Os tres ámbitos considerados para a súa avaliación son o consumo, a vivenda e a cultura e o ocio.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudan, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible, a partires dos datos facilitados por Funcas, e pola outra, os datos da protección ao consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo (IGC), e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

• Renda familiar bruta dispoñible

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. No ano 2008, esta variable ascendeu en Galicia a 43.727 millóns de euros, un 6,4% máis que no ano anterior, o que representa o 5,5% da renda familiar bruta dispoñible no conxunto do Estado.

En termos relativos, a renda familiar bruta (en poder de compra) por habitante situouse en Galicia no último ano nos 16.798 euros, o representa o 97,8% do seu valor medio (España = 100), acadando 6.165 euros por habitante máis que no 2000, ano no que a RFBD,

en poder de compra, en Galicia representaba o 88,6% do seu valor medio estatal.

• Protección ao consumidor

O volume total de consultas ou solicitudes de información atendidas polo Instituto Galego de Consumo (IGC) ao longo do ano 2008 incrementouse un 0,4% respecto ao ano anterior, acadando as 25.961 consultas. O número de reclamacións medrou un 9,6%, situándose nas 17.678 reclamacións.

A telefonía (móbil, fixa e internet) segue sendo a actividade con maior número de solicitudes de información e reclamacións atendidas, ao acoller o 22% das consultas e o 29% das reclamacións. Séguelle en importancia ás correspondentes ao sector de electrodomésticos/equipos informáticos, que abranquen o 7,2% das consultas e o 12,3% das reclamacións.

Cómpre salientar que no ano 2008 se rexistrou un forte incremento da actividade xeral de inspección de consumo, acadando as 97.083 inspeccións, un 57,8% máis que no ano anterior. Ao igual que en 2007, o maior número de actuacións de inspección realizáronse no sector de produtos industriais, que acolle o 87% do total.

O IGC incluíu na rede de alerta un total de 80 produtos que supuñan risco grave para o consumidor (o 13,8% dos produtos incorporados en 2008 á rede estatal). Na maioría de casos notificados á devandita rede se trata de xoguets e luminarias, con 21 e 19 produtos, respectivamente.

Derivado das actuacións de seguimento dos produtos incluídos na devandita rede retiráronse do mercado un total de 8.136 unidades e se decretou a destrución doutras 4.408 unidades. En conxunto, o número de unidades retiradas ou destruídas reduciuse en 2008 un 82,5% respecto ao ano anterior.

No que á vía arbitral como sistema de resolución de conflitos se refire, ao longo do ano 2008 rexistrouse un incremento do 2,8% no número de solicitudes arbitrais presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. Das 6.011 solicitudes presentadas, 1.450 (o 24%), tiveron que ser arquivadas debido á non aceptación da vía por parte do empresario. Os colexios arbitrais resolveron por mediación un total de 1.337 reclamacións (un 84% máis que no ano 2007).

As actividades máis importantes, en canto ao número de solicitudes presentadas se refire, seguen a ser as da telefonía, con 3.704, e as de aparatos electrónicos, con 336 solicitudes. En termos relativos, a telefonía acolle o 61,6% das solicitudes presentadas, fronte ao 5,6% das actividades de aparatos electrónicos.

Os diferentes colexios arbitrais ditaron no último ano un total de 1.972 laudos. O 88% ditáronse nun prazo inferior a dous meses, e tan só un 0,3% dos laudos presentou unha resolución superior aos catro meses.

Vivenda

Tendo en conta que o capítulo 3 ten un apartado dedicado á construción, onde se analizan os aspectos da

oferta de vivenda en Galicia, neste capítulo faise especial mención aos principais indicadores da súa demanda.

Dende un punto de vista normativo cómpre salientar a aprobación da Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia, que determina o proceso construtivo das edificacións destinadas principalmente a vivenda e que te por obxecto a regulación do dereito á vivenda na Comunidade autónoma e, en particular, o establecemento do réxime xurídico das vivendas libres e protexidas, a definición das políticas públicas en materia de vivenda, a fixación das medidas de protección das persoas adquirentes ou usuarias das vivendas, e a regulación das potestades de intervención atribuídas ás administracións públicas coa finalidade de garantir o dereito á vivenda e o cumprimento das exixencias de calidade previstas na normativa vixente.

Os indicadores da demanda de vivenda en Galicia reflicten un maior dinamismo que no conxunto do Estado, o que explicaría o maior encarecemento da vivenda. Mentres que en España o número de hipotecas constituídas descendeu un 32,6% en relación ao ano 2007, a redución na comunidade autónoma galega é do 13,7%, constituíndose un total de 37.063 hipotecas sobre vivendas en leiras edificables urbanas, o 3% do total estatal. Os datos reflectidos no **cadro 4.6.2.** amosan que nas catro provincias galegas prodúcese unha redución no número de hipotecas constituídas, sendo esta redución máis acusada na provincia de Pontevedra (20,1% menos) seguida de Lugo (15,6% menos).

Indicadores da vivenda en Galicia e España 2007-08

	2007		2008	
	Galicia	España	Galicia	España
Estimación parque de vivendas	1.507.380	24.495.844		
vivenda principal	983.678	16.776.722		
propiedade	868.135	14.621.334		
aluguer	94.507	1.881.402		
cesión	21.036	273.986		
vivenda non principal	523.702	7.719.122		
Construcción de vivendas libres				
iniciadas	37.913	532.117	21.648	269.098
variac. interanual (%)	-0,9	-20,0	-42,9	-49,4
rematadas	33.032	579.665	34.229	563.631
variac. interanual (%)	10,1	-3,0	3,6	-2,8
Construcción de vivendas protexidas				
iniciadas	3.000	83.859	2.169	90.946
variac. interanual (%)	-29,3	-12,0	-27,7	8,5
rematadas	3.774	67.127	2.743	69.597
variac. interanual (%)	14,6	11,2	-27,3	3,7
Prezo medio da vivenda libre (€/m ²)	1.510,50	2.056,35	1.778,37	2.181,20
variac. interanual	8,3	5,8	17,7	6,1
Prezo medio da vivenda protexida (€/m ²)	979,58	1.045,20	1.044,85	1.116,87
variac. interanual	4,6	4,8	6,7	6,9

Fonte: Ministerio de Vivienda

4.6.1.**Hipotecas de viviendas urbanas en Galicia e España 2007-08**

	hipotecas constituidas			importe medio		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
	(en €)					
Galicia	42.936	37.063	-13,7	119.588	111.632	-6,7
A Coruña	17.655	16.319	-7,6	122.777	108.988	-11,2
Lugo	4.342	3.673	-15,4	98.622	95.396	-3,3
Ourense	3.439	3.093	-10,1	103.822	99.267	-4,4
Pontevedra	17.500	13.978	-20,1	124.672	121.721	-2,4
España	1.238.890	835.056	-32,6	148.864	139.780	-6,1
Galicia / España (%)	3,5	3,0		80	82	

Fonte: INE, Estadística de hipotecas

4.6.2.

Compravenda de vivendas nas CC.AA. 2007-08

	Total		Vivenda nova	Vivenda rematada	Vivenda rematada / vivenda nova
	2008	2007			
			08/07	2008	
			(%)		(%)
Andalucía	120.478	167.803	-28,2	120.124	1,85
Aragón	15.242	20.755	-26,6	18.935	2,42
Asturias	13.658	17.677	-22,7	11.739	1,89
Baleares	12.579	20.498	-38,6	12.066	1,67
Canarias	25.010	32.103	-22,1	30.161	2,10
Cantabria	9.478	11.781	-19,5	7.951	1,54
Castela e León	30.936	40.464	-23,5	38.074	2,61
Castela - A Mancha	34.174	38.639	-11,6	51.691	3,01
Cataluña	62.090	111.482	-44,3	94.133	3,26
C. Valenciana	74.706	110.717	-32,5	85.824	2,33
Extremadura	14.864	13.396	11,0	11.843	2,49
Galicia	26.729	28.830	-7,3	36.972	2,27
Madrid	60.919	84.930	-28,3	49.177	1,71
Murcia	25.529	31.344	-18,6	33.834	2,27
Navarra	6.449	9.592	-32,8	8.794	2,07
País Vasco	19.409	26.140	-25,7	14.083	1,60
A Rioxa	5.387	7.516	-28,3	7.384	2,56
Ceuta e Melilla	792	1.633	-51,5	443	1,35
Total	558.429	775.300	-28,0	633.228	2,23

Fonte: INE e Ministerio de Vivienda

4.6.3.

Accesibilidade á vivenda en Galicia e España 2007-08

	2007		2008	
	Galicia	España	Galicia	España
Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda	8,6	10,1	8,6	9,8
Proporción de renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos	(%)			
Un salario	51,0	59,4	53,3	60,3
Salario ponderado	31,8	39,6	33,3	40,2

Fonte: Fundación Caixagalicia, Observatorio Inmobiliario

4.6.4.

O importe medio da hipoteca en Galicia descendeu no último ano a 111.632 euros, o que supuxo unha redución do 6,7 % en relación ao ano anterior. Esta caída é seis décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado, onde o importe medio se sitúa nos 139.780 euros. Os datos do INE reflicten que a maior redución no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de A Coruña, cunha taxa de variación interanual de do 11,2%, moi por encima das provincias de Ourense (4,4% menos), Lugo (3,3% menos) e Pontevedra (2,4% menos).

Fronte a estes datos, a Estadística Registral Inmobiliaria indica unha diminución da compravenda de vivendas rexistradas tanto en Galicia como no conxunto do Estado, agás Extremadura. En 2008 realizáronse en Galicia un total de 26.729 transaccións de compravendas, o que supón un descenso do 7,3% (28% de descenso medio en España). Neste senso é importante destacar que, agás a excepción xa nomeada de Extremadura, Galicia é a Comunidade autónoma onde o descenso na compravenda de vivendas é porcentualmente menor. Este indicador de debilitamento

Producción editorial en España 2007-08: títulos e exemplares

	títulos publicados			exemplares		
	2007	2008	08/07 (%)	2007 (miles)	2008	08/07 (%)
Idioma da publicación						
Castelán	57.299	66.458	16,0	188.073	204.760	8,9
Catalán, valenciano e balear	7.558	9.926	31,3	18.311	23.438	28,0
Galego	1.472	2.070	40,6	2.879	3.630	26,1
Euskera	1.102	1.186	7,6	2.143	2.296	7,1
Outros idiomas ou dialectos nacionais	100	95	-5,0	103	72	-30,1
Alemán	166	144	-13,3	520	484	-6,9
Francés	391	408	4,3	1.132	1.527	34,9
Inglés	1.328	1.439	8,4	3.124	2.764	-11,5
Outros idiomas estranxeiros	861	1.134	31,7	4.719	7.585	60,7
En 2 ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	2.637	3.470	31,6	5.866	8.957	52,7
Total	72.914	86.330	18,4	226.870	255.513	12,6

Fonte: INE

4.6.5.

da demanda requiriría un axuste da oferta, xa que no último ano as vivendas terminadas en Galicia superaron ás vendidas nun 127% (122,6% no conxunto do Estado).

En 2008 rexístrase un repunte no ritmo de crecemento dos prezos da vivenda tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano a vivenda galega segue amosándose máis inflacionista que a media española, medrando o prezo medio da vivenda libre un 17,7% en relación a 2007 (6,1% en España) e un 6,7% o da vivenda protexida (6,9% en España).

O encarecemento da vivenda e o endurecemento das condicións financeiras provocan o deterioro das posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade, neste senso a maior moderación no incremento prezo medio da vivenda libre a nivel estatal que en Galicia, provoca que, no ano 2008 o custo dunha vivenda de 100 metros cadrados para unha familia media galega representa 8,6 anos de traballo, exactamente o mesmo prazo que no ano anterior, mentres que a nivel estatal pásase de 10,1 anos de salario a 9,8 anos no 2008. A pesar de que esta ratio segue sendo inferior á rexistrada no conxunto do Estado, a maior inflación da vivenda galega fai que se reduza a vantaxe de

accesibilidade existente en Galicia en relación á media estatal.

Asemade, o devandito encarecemento dos prezos da vivenda provocou que para unha familia media preceptora dun só salario, o pago das cotas da hipoteca significa unha carga do 53,3% dos seus salarios brutos, sete puntos menos que no conxunto do Estado. Si se corrixen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, estas porcentaxes serían do 33,3% en Galicia e do 40,2%, en España.

Cultura e ocio

Un primeiro aspecto que hai que salientar no eido da cultura é a entrada en vigor da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, (AGADIC) que rempraza ao Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), e que ten como obxecto impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na aportación de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

No que respecta á produción editorial total en Galicia

Producción editorial nas CC.AA. 2007-08: títulos e exemplares

	Total				Libros				Folletos			
	títulos		exemplares		títulos		exemplares		títulos		exemplares	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008
			(miles)				(miles)				(miles)	
Andalucía	6.985	8.032	8.015	9.196	6.452	7.356	7.288	8.134	533	676	727	1.062
Aragón	1.818	2.013	5.577	4.854	1.481	1.732	4.912	4.181	337	281	665	673
Asturias	1.280	1.295	2.093	2.028	1.056	1.120	1.795	1.698	224	175	298	330
Baleares	1.042	1.039	1.565	1.633	870	878	1.351	1.271	172	161	214	362
Canarias	1.157	1.060	1.598	1.414	1.038	952	1.171	1.290	119	108	427	124
Cantabria	548	438	737	640	462	375	660	583	86	63	77	57
Castela e León	2.997	3.298	6.543	6.802	2.631	2.788	5.614	5.331	366	510	929	1.471
Castela - A Mancha	810	1.078	2.392	1.388	686	953	2.094	1.192	124	125	298	196
Cataluña	18.570	27.451	81.016	116.242	16.184	24.428	71.719	106.332	2.386	3.023	9.297	9.910
C. Valenciana	3.734	4.731	6.100	6.659	3.077	4.137	4.828	5.987	657	594	1.272	672
Extremadura	638	632	740	621	576	560	674	531	62	72	66	90
Galicia	2.364	3.747	3.243	5.240	1.979	3.150	2.709	4.192	385	597	534	1.048
Madrid	25.521	25.932	96.672	87.107	22.153	22.693	78.380	78.200	3.368	3.239	18.292	8.907
Murcia	892	1.036	980	1.073	794	901	852	937	98	135	128	136
Navarra	1.389	1.443	3.947	4.682	1.302	1.304	3.748	4.267	87	139	199	415
País Vasco	2.767	2.813	5.456	5.632	2.283	2.357	4.472	4.717	484	456	984	915
Rioxa	176	256	166	278	153	222	146	251	23	34	20	27
Ceuta e Melilla	-	36	-	24	-	27	-	19	-	9	-	5
Total	72.688	86.330	226.840	255.513	63.177	75.933	192.413	229.113	9.511	10.397	34.427	26.400

(1) en miles
Fonte: INE

4.6.6.

Producción editorial en España 2007-2008: títulos e exemplares traducidos

Idioma da traducción	títulos traducidos			exemplares		
	2007	2008	08/07	2007	2008	08/07
			(%)	(miles)		(%)
Castelán	779	1.032	32,5	2.014	2.848	41,4
Catalán, valenciano e balear	107	135	26,2	367	549	49,6
Galego	40	22	-45,0	194	78	-59,8
Euskera	27	15	-44,4	104	71	-31,7
Outros idiomas ou dialectos nacionais	1	3	200,0	2	3	50,0
Alemán	681	804	18,1	5.640	3.942	-30,1
Francés	1.047	1.384	32,2	3.903	4.814	23,3
Inglés	5.787	7.540	30,3	35.690	40.436	13,3
Outros idiomas estranxeiros	1.208	1.685	39,5	6.040	7.355	21,8
En dous ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	30	23	-23,3	70	52	-25,7
Total	9.707	12.643	30,2	54.024	60.148	11,3

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

4.6.7.

**Tirada e difusión da prensa diaria 2008:
cabeceiras controladas pola OJD**

Medio	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	5.200	4.256
Diario de Pontevedra	8.335	7.119
Faro de Vigo	47.864	40.336
La Opinión A Coruña	9.062	6.093
El Progreso Lugo	19.163	15.846
La Voz de Galicia	120.086	102.858

Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.6.8.

no ano 2008, esta ascendeu a 3.747 títulos, un 58,5% máis que no ano anterior, sendo a súa tirada media de 1.398 exemplares por título, fronte ós 1.371 exemplares do ano 2007. Comparado co total estatal, Galicia acoilleu no último ano o 4,3% dos títulos publicados, un punto e unha décima porcentual máis que no ano precedente, e o 2% do total de exemplares (1,4% en 2007).

Ao igual do rexistrado en 2007, ao longo do ano 2008 medrou a produción editorial en galego (40,6% en relación aos publicados no ano anterior), acadando os 2.070 títulos (o 2,4% dos títulos publicados no conxunto do Estado). Este incremento está asociado a un aumento do 26,1% no número de exemplares no idioma galego, que se sitúan nos 3.630 miles de exemplares (o 1,4% do conxunto do Estado). Da produción editorial total en España (86.330 títulos publicados), o cadro 4.6.5. reflicte que se editan en castelán o 77% dos títulos, un 11,5% en catalán, valenciano e balear e un 1,4% en euskera.

No último ano descendeu o número títulos e exempla-

res traducidos do galego. En 2008 traducíronse un total 22 libros (18 menos que no ano anterior), sendo o número de exemplares de 78 mil (194 miles de exemplares en 2007).

Respecto á prensa escrita, os dous principais xornais galegos manteñen practicamente constante a súa tirada e difusión no conxunto do ano 2008. Dunha banda, La Voz de Galicia, principal xornal galego pola súa tirada (120.086 exemplares diarios) e difusión (102.858 exemplares). Séguelle en importancia Faro de Vigo, cunha tirada de 47.864 exemplares e unha difusión de 40.336 exemplares (fonte: OJD) (cadro 4.6.8.). ■

